



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE SEIS DE MARZO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 10)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e cinco minutos do día **seis de marzo de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de febreiro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE: VIVEIRO.- REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN DO RECINTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE ALTAMIRA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

“(…)

Antecedentes

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro, aprobado pola Xunta de Goberno en data 22-03-2019 e asinado en data 27-03-2019, e modificación ao mesmo aprobada pola Xunta de Goberno en data 27-12-2019 e asinada o 31/12/2019, para a execución dos fins comúns consistentes na redacción do proxecto técnico, dirección, licitación e execución das obras de urxente necesidade no cemiterio municipal, do que trae causa esta licitación.



Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: VIVEIRO.- Reparación de muro de contención do recinto do cemiterio municipal de Altamira, redactado por Don Santiago Rodríguez Alcalá, Arquitecto.

Orde de inicio de procedemento de contratación.

Acta de Reformulo Previo.

Informe de Supervisión do proxecto, emitido polo Servizo de Expropiacións e control de proxectos en data 28/06/2019.

Certificado de existencia de crédito.

Memoria Xustificativa:

Xustificación da necesidade.

Xustificación da división ou non en lotes.

Informe de viabilidade urbanística.

Desglose de costes directos e indirectos e adecuación aos prezos de mercado.

Medios materiais e persoais mínimos a adscribir á execución da obra.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, -Unidade de Obras e Plans-, da Deputación Provincial de Lugo.

Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 716/2019 de 05 de decembro de 2019, polo que se modifica o RD 773/2015.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra VIVEIRO.- Reparación de muro de contención do recinto do cemiterio municipal de Altamira. O proxecto técnico da obra está redactado polo Arquitecto D. Santiago Rodríguez Alcalá, e foi supervisado, tecnicamente, aos efectos do artigo 235 da LCSP, polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, segundo informe de data 28/06/2019.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 3 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.



Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HAC/1272/2019, de 16 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir del 1 de xaneiro de 2020.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante

a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente e mencionase no propio PCAP.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 26/02/2020 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 1640.6500955 por importe de 96.235,21 €, do vixente orzamento xeral.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao convenio asinado entre a Deputación e o Concello de Viveiro, e ao proxecto técnico identificado na cabeceira xunto con memoria-informe emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e na memoria-informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento sobre costes directos e indirectos.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 semanas, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 28/01/2020, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que resultan básicos para o contrato a celebrar. Así mesmo indica que para a viabilidade do proxecto e execución das obra a que se refire a Acta, será preciso a ocupación de terreos propiedade do Concello de Viveiro e outros de propiedade privada, cuxo uso gratuíto e temporal xestionou e conseguiu o Concello de Viveiro.



De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Visto así mesmo a conformidade do Secretario Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: VIVEIRO.- Reparación de muro de contención do recinto do cemiterio municipal de Altamira, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 96.235,21 €, dos cales 16.701,98 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE: PORTOMARÍN.- CONSTRUCCIÓN CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES- APARTAMENTOS TUTELADOS E CENTRO DE DÍA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 01/03/2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 1.762.764,67 €, dos cales 160.251,33 € son de IVE, correspondente á obra: PORTOMARÍN.- Construcción centro de atención a persoas maiores – Apartamentos tutelados e centro de día.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 14/03/2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada pola Mesa de contratación con data 26/04/2019 deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público e de



acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A Mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, observándose deficiencias na mesma, no sentido que a mercantil Obras y Servicios Gómez Crespo SL, non presenta declaración responsable correcta (Anexo I), xa que na mesma non indica que está en posesión da clasificación esixida, de acordo co establecido no PCAP.

A Mesa, por unanimidade acordou, tendo en conta o establecido na cláusula 16 do PCAP, e de conformidade co artigo 140 da LCSP e artigo 81 do RXLC, requirir a empresa Obras y Servicios Gómez Crespo SL e concederlle un prazo de 3 días hábiles, para que saneen o erro apreciado, achegando a declaración (Anexo I) correctamente cuberta, non procedendo á apertura do arquivo “2”, oferta económica, mentres non sanee o erro, por se fora excluída, xa que é requisito de solvencia estar en posesión da clasificación esixida na licitación, antes de rematar o prazo de presentación de ofertas.

En reunión celebrada pola Mesa de contratación con data 08 de maio de 2019 deuse conta do informe do Servizo de Contratación e Fomento en relación co requirimento á empresa Obras y Servicios Gómez Crespo SL, no que, entre outros, contéñense os seguintes extremos:

“(…) Polo Servizo de Contratación e Fomento, -Unidade de obras e plans-, a vista do acordado pola Mesa, procedeuse a requirir á empresa, Obras y Servicios Gómez Crespo SL a través de escrito, achegado polo canle do correo electrónico autorizado polos licitadores, con confirmación de lectura, do día 30 de abril de 2019, concedéndolle un prazo de tres días para que saneen o erro apreciado, achegando a declaración (Anexo I) correctamente cuberta.

A empresa Obras y Servicios Gómez Crespo SL achegou, dentro do prazo outorgado, a declaración (Anexo I), debidamente cumprimentado.

Tendo en conta o anterior, infórmase á mesa, a xuízo do que subscribe, que procedería o seguinte acordo:

Admitir á licitación a mercantil Obras y Servicios Gómez Crespo SL unha vez achegada a declaración (anexo I) debidamente cumprimentada.

Que se proceda á apertura do arquivo dixital “2”-oferta- e valoración das ofertas presentadas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra.

Pola Mesa, por unanimidade, acordouse aceptalo e en consecuencia facelo seu, unindo á Acta, polo que se procedeu á apertura do arquivo dixital “2” que contén as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

PORTOMARÍN.- CONSTRUCCIÓN CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES –APARTAMENTOS TUTELADOS E CENTRO DE DÍA

ORZAMENTO BASE
LICITACIÓN (IVE incluído)

1.762.764,67

VALOR ESTIMADO
CLASIFICACION EXIGIDA:

1.666.613,87

160.251,33

IVE.
PARTIDA
INDEPEND

C-2-2 /// C-4-3

PRAZO DE EXECUCION:

12

MAXIMO

33.332,28

EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (60)	OUTROS							CRITERIO DESEMPATE	
		PREZO (IVE incluido - art 102)	SEGUIMIENTO OBRA TEMPO REAL (3/6/10)	MODELO BIM (8)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA (7)	REDUCCION PRAZO EXECUCIÓN (7)	ESTABILIDADE NO EMPREGO (4)			DIVULGACIÓN E POSTA VALOR (4)	Plantel / Discapacitados
			OPCIÓN (A/B/C)	OPCIÓN (SI/NO)	MESES (max 24)	MAX (2 MESES)	TOTAL	INDEFINIDOS	% INDEFINIDOS	IMPORTE	
1	CONSTRUCCIONES ALEA SL	1.467.677,86 €	C	SI	24,00	2,00	13,00	11	84,62%	26.933,00 €	13/0
2	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	1.762.764,67 €	-----	NO	0,00	0,00	12,00	9	75,00%	0,00 €	12/0
3	CONSTRUCCIONES OREGA SL	1.488.478,49 €	C	SI	24,00	2,00	18,00	11	61,11%	32.050,27 €	-/-
4	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	1.515.778,17 €	C	SI	24,00	2,00	17,00	5	29,41%	32.050,27 €	17/0
5	CONSTRUCTORA SAN JOSE SA	1.704.593,44 €	C	SI	24,00	2,00	977,00	376	38,49%	32.050,27 €	-/-
6	COPCISA SA	1.449.521,39 €	C	SI	24,00	2,00	335,00	224	66,87%	33.332,28 €	335/0
7	COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL	1.430.000,00 €	C	SI	24,00	2,00	14,00	7	50,00%	10.000,00 €	14/0
8	JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCION SA	1.491.122,63 €	C	SI	24,00	2,00	131,00	78	59,54%	32.050,27 €	131/4
9	NORFOREST SL	1.739.842,90 €	C	SI	24,00	1,00	47,00	23	48,94%	31.633,51 €	47/0
10	OBRAS GALLAECIA SL	1.449.706,18 €	C	SI	24,00	2,00	13,00	10	76,92%	26.332,50 €	13/0
11	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	1.543.652,00 €	C	SI	24,00	2,00	11,00	10	90,91%	32.050,00 €	11/0
12	PRADO LAMEIRO SL	1.561.984,60 €	C	SI	24,00	2,00	8,00	7	87,50%	32.000,00 €	8/0
13	PROYECON GALICIA SL	1.461.773,50 €	C	SI	24,00	2,00	106,00	57	53,77%	32.050,00 €	106/1
14	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	1.753.419,80 €	C	SI	24,00	2,00	13,00	8	61,54%	32.050,27 €	13/0
15	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	1.459.392,87 €	C	SI	24,00	2,00	23,00	19	82,61%	27.547,34 €	23/1



DEPUTACIÓN DE LUGO

Mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), comprobouse si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	CONSTRUCCIONES ALEA SL		1.467.677,86 €
2	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL		1.762.764,67 €
3	CONSTRUCCIONES OREGA SL		1.488.478,49 €
4	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL		1.515.778,17 €
5	CONSTRUCTORA SAN JOSE SA		1.704.593,44 €
6	COPCISA SA		1.449.521,39 €
7	COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL		1.430.000,00 €
8	JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCION SA		1.491.122,63 €
9	NORFOREST SL		1.739.842,90 €
10	OBRAS GALLAECIA SL		1.449.706,18 €
11	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL		1.543.652,00 €
12	PRADO LAMEIRO SL		1.561.984,60 €
13	PROYECON GALICIA SL		1.461.773,50 €
14	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL -PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL		1.753.419,80 €
15	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL		1.459.392,87 €

MEDIA
1.551.980,57

BAIXA DESPROPORCIONADA
1.396.782,51

10% ARRIBA
1.707.178,62

A vista do anterior, a vista que ningunha das empresas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a mesa acordou a valoración das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (60)		OUTROS (40)												TOTAL
		Oferta	PTOS	SEGUIMIENTO WEB (3/6/10)		MODELO BIN (8)		AUMENTO GARANTÍA (7)		REDUCCIÓN EJECUCIÓN (7)		ESTABILIDADE EMPREGO (4)		PLAN DIVULGACIÓN (4)		PUNTOS
				OPCIÓN (A-B-C)	PTOS	SI /NO	PTOS	MESES (MAX 24)	PTOS	DÍAS (MAX 90)	PTOS	% INDEFINIDOS	PTOS	IMPORTE	PTOS	
	PREZO (INCLUÍDO IVA)															
1	CONSTRUCCIONES ALEA SL	1.467.677,86 €	53,21	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	84,62	3,72	26.933,00 €	3,23	92,16
2	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	1.762.764,67 €	0,00	----	0,00	NO	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	75,00	3,30	0,00 €	0,00	3,30
3	CONSTRUCCIONES OREGA SL	1.488.478,49 €	49,46	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	61,11	2,69	32.050,27 €	3,85	88,00
4	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	1.515.778,17 €	44,53	C	3,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	29,41	1,29	32.050,27 €	3,85	74,67
5	CONSTRUCTORA SAN JOSE SA	1.704.593,44 €	10,49	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	38,49	1,69	32.050,27 €	3,85	48,03
6	COPCISA SA	1.449.521,39 €	56,48	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	66,87	2,94	33.332,28 €	4,00	95,42
7	COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL	1.430.000,00 €	60,00	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	50,00	2,20	10.000,00 €	1,20	95,40
8	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCION SA	1.491.122,63 €	48,98	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	59,54	2,62	32.050,27 €	3,85	87,45
9	NORFOREST SL	1.739.842,90 €	4,13	C	3,00	SI	8,00	24,00	7,00	1,00	3,50	48,94	2,15	31.633,51 €	3,80	31,58
10	OBRAS GALLAECIA SL	1.449.706,18 €	56,45	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	76,92	3,38	26.332,50 €	3,16	94,99
11	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	1.543.652,00 €	39,51	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	90,91	4,00	32.050,00 €	3,85	79,36
12	PRADO LAMEIRO SL	1.561.984,60 €	36,20	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	87,50	3,85	32.000,00 €	3,84	75,89
13	PROYECON GALICIA SL	1.461.773,50 €	54,27	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	53,77	2,37	32.050,00 €	3,85	92,49
14	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	1.753.419,80 €	1,68	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	61,54	2,71	32.050,27 €	3,85	40,24
15	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	1.459.392,87 €	54,70	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	82,61	3,63	27.547,34 €	3,31	93,64

Polo que antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación, por orde decrecente, das propostas e requirir ao licitador que presentara a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 16/05/2019 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	COPCISA SA	95,42
2	COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL	95,40
3	OBRAS GALLAECIA SL	94,99
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	93,64
5	PROYECON GALICIA SL	92,49
6	CONSTRUCCIONES ALEA SL	92,16
7	CONSTRUCCIONES OREGA SL	88,00
8	JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCION SA	87,45
9	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	79,36
10	PRADO LAMEIRO SL	75,89
11	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	74,67
12	CONSTRUCTORA SAN JOSE SA	48,03
13	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	40,24
14	NORFOREST SL	31,58
15	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	3,30

Requirir ao contratista Copcisa SA por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.



Por escrito de data 15/05/2019, a mercantil Coto Estudios y Construcciones Ribadeo, solicita que lle sexa requerida á mercantil Copcisa SA, información complementaria a fin de acreditar os datos achegados para a xustificación do criterio de Fomento da estabilidade de emprego, e non se proceda á adxudicación da licitación ata a comprobación da exactitude dos datos aportados pola mercantil Copcisa SA.

Por escrito con rexistro de saída de data 13/06/2019 (achegado por correos, con acuse de recibo de data de recepción de 19/06/2019), foi requirida a mercantil Copcisa SA, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 65.887,34 euros, concedéndolle a tal efecto, así como documentación xustificativa que acredite fidedignamente os datos declarados en relación co criterio de Fomento da estabilidade do emprego un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil Copcisa SA , achegou a través de escrito de data 27/06/2019, documentación relativa á adxudicación da obra así como relativa á acreditación dos datos relativos ao criterio de Fomento da estabilidade no emprego.

A mercantil Copcisa SA, complementou documentación a través de escrito de data 12/09/2019.

En data 26 de setembro de 2019, o Servizo de Contratación e Fomento, solicitou do Servizo de Recursos Humanos, informe relativo a se coa documentación achegada acredita os datos indicados na declaración responsable feita pola empresa, informe que foi emitido en data 30/09/2019, e que consta incorporado ao expediente.

En reunión celebrada pola Mesa de contratación con data 05 de novembro de 2019 deuse conta do informe do Servizo de Contratación e Fomento en relación co amentado informe do Servizo de Recursos Humanos, no que, entre outros, contéñense os seguintes extremos:

“(…)

Así as cousas, este Servizo de Contratación e Fomento, fai seu o informe emitido polo Servizo de Recursos Humanos, e entendese que queda acreditado o número de traballadores indefinidos declarados pola mercantil na súa declaración responsable -anexo III-bis- (224), que o formarían os 220 que figuran na documentación acreditativa con códigos de contratos indefinidos e os 4 que acreditan con código 540 e derivados de contratos preexistentes indefinidos.

En canto ao número total de traballadores indicados pola empresa (335), entendemos que só queda acreditado 334, ao entender que a persoa que está facendo as prácticas curriculares non se computa como traballador da empresa.

Desde o Servizo de Contratación e Fomento enténdese que debe ser a mesa de contratación quen debe coñecer e valorar esta nova situación, fruto das comprobacións efectuadas, ao abeiro do indicado no PCAP, e da que se produce unha variación respecto da inicial ao non interpretar como traballador unha das persoas que a mercantil computa dentro do seu número de traballadores total.

Desde o Servizo reproducése o declarado e o acreditado (tendo en conta que un non se considera traballador), obténdose os seguintes resultados:

Declarado inicialmente: (anexo III-bis)

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (60)	OUTROS									CRITERIO DESEMPATE
		SEGUIMIENTO OBRA TEMPO REAL (3/6/10)	MODELO BIM (8)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA (7)	REDUCCION PRAZO EXECUCIÓN (7)	ESTABILIDADE NO EMPREGO (4)			DIVULGACIÓN E POSTA VALOR (4)		Plantel / Discapacitados
						TOTAL	INDEFINIDOS	% INDEFINIDOS			
6 COPCISA SA	1.449.521,39 €	C	SI	24,00	2,00	335,00	224	66,87%	33.332,28 €		335/0

Con unha valoración de:

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (60)		OUTROS (40)												TOTAL
	Oferta	PTOS	SEGUIMIENTO WEB (3/6/10)	MODELO BIN (8)		AUMENTO PRAZO GARANTÍA (7)	REDUCCION EXECUCIÓN (7)		ESTABILIDADE EMPREGO (4)		PLAN DIVULGACIÓN (4)			PUNTOS	
				OPCIÓN (A-B-C)	PTOS		MESES (MAX 24)	PTOS	DÍAS (MAX 90)	PTOS	% INDEFINIDOS	PTOS	IMPORTE	PTOS	
6 COPCISA SA	1.449.521,39 €	56,48	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	66,87	2,94	33.332,28 €	4,00	95,42



Acreditado (tendo en conta que non se considera traballador unha persoa das acreditadas):

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (60)		OUTROS							CRITERIO DESEMPEÑO	
	PREZO (IVE incluído - art 102)	PTOS	SEGUIMIENTO OBRA TEMPO REAL (3/6/10)	MODELO BIM (8)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA (7)	REDUCCION PRAZO EXECUCIÓN (7)	ESTABILIDADE NO EMPREGO (4)			DIVULGACIÓN E POSTA VALOR (4)	Plantel / Discapacitados
			OPCIÓN (A/B/C)	OPCIÓN (SI/NO)	MESES (max 24)	MAX (2 MESES)	TOTAL	INDEFINIDOS	% INDEFINIDOS	IMPORTE	
6 COPCISA SA	1.449.521,39 €		C	SI	24,00	2,00	334,00	224	67,07%	33.332,28 €	335/0

Do cal se produce a seguinte valoración:

EMPRESAS / (GRUPO)	PRECIO (60)		OUTROS (40)										TOTAL	
	Oferta	PTOS	SEGUIMIENTO WEB (3/6/10)	MODELO BIM (8)	AUMENTO GARANTÍA (7)	REDUCCION EXECUCIÓN (7)	ESTABILIDADE EMPREGO (4)	PLAN DIVULGACIÓN (4)					PUNTOS	
	PREZO (INCLUIDO IVA)		OPCIÓN (A-B-C)	PTOS	SI /NO	PTOS	MESES (MAX 24)	PTOS	DÍAS (MAX 90)	PTOS	% INDEFINIDOS	PTOS	IMPORTE	PTOS
6 COPCISA SA	1.449.521,39 €	56,48	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	67,07	2,95	33.332,28 €	4,00
														95,43

A vista do anterior, tanto tendo en conta o declarado inicialmente pola mercantil Copcisa SA, como o acreditado, e atendendo a que non se ten en conta unha das persoas declaradas, ao non entenderse traballador, a mercantil indicada quedaría igualmente primeira clasificada, alcanzando, incluso unha puntuación superior (en 0,01), no caso de ter en conta as puntuacións resultantes de, unha vez comprobada a documentación xustificativa da súa declaración responsable...”

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 16/01/2020 adoptouse a seguinte Resolución:

“(...

Admitir a documentación achegada pola mercantil Copcisa SA, e efectos de acreditar os traballadores totais e indefinidos que figuran a declaración responsable citada.

Corrixir a valoración efectuada na mesa de contratación de data 08/05/2019, fruto da non admisión como traballador dun dos indicados na declaración responsable da empresa, como consecuencia da revisión efectuada, a teor do exposto no informe do Servizo de Recursos Humanos, o que supón que en vez de 335 traballadores totais (declarados e acreditados) sexan tidos en conta soamente 334 (segundo informe), mantendo os 224 declarados indefinidos, o que supón

un incremento de 0,01 na puntuación definitiva da mercantil Copcisa SA, sen variar a orde de clasificación, quedando do seguinte xeito:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (60)	OUTROS								CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído .- art 102)	SEGUIMIENTO OBRA TEMPO REAL (3/6/10)	MODELO BIM (8)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA (7)	REDUCCION PRAZO EXECUCIÓN (7)	ESTABILIDADE NO EMPREGO (4)			DIVULGACIÓN E POSTA VALOR (4)	Plantel / Discapacitados
				OPCIÓN (A/B/C)	OPCIÓN (SI/NO)	MESES (max 24)	MAX (2 MESES)	TOTAL	INDEFINIDOS	% INDEFINIDOS	IMPORTE	
6	COPCISA SA		1.449.521,39 €	C	SI	24,00	2,00	334,00	224	67,07%	33.332,28 €	335/0

Do cal se produce a seguinte valoración:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (60)		OUTROS (40)										TOTAL		
			Oferta	PTOS	SEGUIMIENTO WEB (3/6/10)		MODELO BIN (8)		AUMENTO GARANTÍA (7)		REDUCCIÓN EJECUCIÓN (7)		ESTABILIDADE EMPREGO (4)		PLAN DIVULGACIÓN (4)		PUNTOS
					PREZO (INCLUIDO IVA)	OPCIÓN (A-B-C)	PTOS	SI / NO	PTOS	MESES (MAX 24)	PTOS	DÍAS (MAX 90)	PTOS	% INDEFINIDOS	PTOS	IMPORTE	
6	COPCISA SA		1.449.521,39 €	56,48	C	10,00	SI	8,00	24,00	7,00	2,00	7,00	67,07	2,95	33.332,28 €	4,00	95,43

Do que resulta a seguinte puntuación total, sen variación na orde de clasificación:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL PUNTOS
1	COPCISA SA	95,43
2	COTO ESTUDIOS Y CONSTRUCCIONES SL	95,40
3	OBRAS GALLAECIA SL	94,99
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	93,64
5	PROYECON GALICIA SL	92,49
6	CONSTRUCCIONES ALEA SL	92,16
7	CONSTRUCCIONES OREGA SL	88,00
8	JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCION SA	87,45
9	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	79,36
10	PRADO LAMEIRO SL	75,89
11	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL	74,67
12	CONSTRUCTORA SAN JOSE SA	48,03
13	UTE: EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL -PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO SL	40,24
14	NORFOREST SL	31,58
15	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	3,30

Proseguir cos trámites encamiñados á adxudicación da obra á mercantil Copcisa SA, clasificada en primeiro lugar, ao non producirse variación neste senso.



Notificar a presente Resolución á mercantil Coto Estudios y Construcciones SL, indicándolle que contra o presente acto, que é de trámite, non cabe interposición de recurso algún, sen prexuízo de que interpoña o que estime procedente fronte ao acto que poña fin ao procedemento”.

En data 20/01/2020, deuse traslado da Resolución da Presidencia, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, á mercantil Coto Estudios y Construcciones SL.

En data 21/01/2020 requiriuse á mercantil Copcisa SA, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público e correo electrónico autorizado ao efecto, para que emendara a documentación achegada achegara documentación actualizada, dado o tempo transcorrido dende a achega da documentación indicada na cláusula 17 do PCAP, concedéndolle un prazo de 3 días hábiles, tendo en conta o establecido na indicada cláusula 17.

Por escrito de data 22/01/2020, a mercantil Copcisa SA, achegou a documentación solicitada.

Visto o teor das cláusulas 18 e 19 do PCAP, que establecen “... será considerada causa suficiente de interese público para decidir non adxudicar ou non celebrar o contrato, non obter as licencias urbanísticas e as autorizacións sectoriais que sexan preceptivas, de ser o caso, para iniciar as obras,...”

Considerando que, que de acordo con dita previsión nos pregos reitores da licitación, se configura como condición indispensable a disposición previa de ditas habilitacións, resulta preciso en cumprimento de dita cláusula e a súa finalidade, garantindo ao cumprimento de toda normativa sectorial aplicable, que se adxudique baixo a condición suspensiva de que esta administración dispoña de toda canta habilitación resulte precisa, alzando dita suspensión unha vez que se verifique a efectiva disposición de ditos requisitos, o que lle será debidamente notificado ós interesados no procedemento.

Considerando o anterior, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención, resulta procedente, se así o estima oportuno o órgano de contratación:

Adxudicar a execución da obra PORTOMARÍN.- Construción centro de atención a persoas maiores– apartamentos tutelados e centro de día, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 01/03/2019 , á mercantil Copcisa SA representada por D. Javier Sal Pérez baixo a condición suspensiva da efectiva disposición das habilitacións necesarias para o inicio das obras, momento a partir do cal se notificará ó adxudicatario o prazo para formalizar o contrato administrativo. As condicións da oferta da adxudicataria, a executar unha vez cobre eficacia o acordo de adxudicación e verificadas as condicións derivadas da comprobación do replanteo, son as seguintes, segundo ten formulada entidade Copcisa SA:

O prezo de 1.449.521,39 € dos cales 131.774,67 € son de IVE (10%). O importe total de 1.449.521,39€ desglósase nas anualidades e co financiamento que se indica no recadro seguinte:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN			CONCELLO	TOTAL
	APLICACIÓN	IMPORTE	RC		
2018	2315.622 / 2315.622.55	379.950,30€	RC-22018/36110	0,00€	379.950,30€
2019		496.076,03€	RC-22019/2300-RC- 220189/537	200.000,00€	696.076,03€
2020		373.495,06€	RC-220199/44	0,00€	373.495,06€
TOTAL		1.249.521,39 €		200.000,00€	1.449.521,39 €

Un seguimento de obra en tempo real a través de cámaras web coa opción de sistema crane cam.

A elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM).

Un aumento do prazo de garantía de 24 meses, (por enriba dos 12 obrigatorios), o que supón un total de 36 meses.

Unha redución do prazo de execución de 2 meses, resultando así un prazo de execución de 10 meses.

Un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 33.332,28 € máis IVE (21%).



O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o seguimento de obra en tempo real a través de cámaras web coa opción de sistema crane cam; a elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM); o aumento do prazo de garantía ofertado; a redución do prazo de execución ofertada e o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas ofertado, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Notificar ao adxudicatario que lle será comunicada a data para a formalización do contrato unha vez se verifiquen os requisitos previstos nas cláusulas 18 e 19 como condición necesaria para a iniciación da obra.

Facultar á Presidencia para asinar, cando proceda, o documento administrativo contractual.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra PORTOMARÍN.- Construción centro de atención a persoas maiores – apartamentos tutelados e centro de día, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 01/03/2019 , á mercantil Copcisa SA representada por D. Javier Sal Pérez, baixo a condición suspensiva da efectiva disposición das habilitacións necesarias para o inicio das obras, momento a partir do cal se notificará ó adxudicatario o prazo para formalizar o contrato administrativo. As condicións da oferta da adxudicataria, a executar unha vez cobre eficacia o acordo de adxudicación e verificadas as condicións derivadas da comprobación do replanteo, son as seguintes, segundo ten formulada entidade Copcisa SA:

O prezo de 1.449.521,39 € dos cales 131.774,67 € son de IVE (10%). O importe total de 1.449.521,39€ desglósase nas anualidades e co financiamento que se indica no recadro seguinte:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN			CONCELLO	TOTAL
	APLICACIÓN	IMPORTE	RC		
2018	2315.622 / 2315.622.55	379.950,30€	RC-22018/36110	0,00€	379.950,30€
2019		496.076,03€	RC-22019/2300-RC- 220189/537	200.000,00€	696.076,03€
2020		373.495,06€	RC-220199/44	0,00€	373.495,06€
TOTAL		1.249.521,39 €		200.00,00€	1.449.521,39 €

Un seguimento de obra en tempo real a través de cámaras web coa opción de sistema crane cam.

A elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM).

Un aumento do prazo de garantía de 24 meses, (por enriba dos 12 obrigatorios), o que supón un total de 36 meses.

Unha redución do prazo de execución de 2 meses, resultando así un prazo de execución de 10 meses.

Un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 33.332,28 € máis IVE (21%).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o seguimento de obra en tempo real a través de cámaras web coa opción de sistema crane cam; a elaboración e entrega do modelo de información de edificio (BIM); o aumento do prazo de garantía ofertado; a redución do prazo de execución ofertada e o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas ofertado, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.



Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Notificar ao adxudicatario que lle será comunicada a data para a formalización do contrato unha vez se verifiquen os requisitos previstos nas cláusulas 18 e 19 do PCAP, como condición necesaria para a iniciación da obra.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar, cando proceda, o documento administrativo contractual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE: GUTIRIZ.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2302 “GUITIRIZ- MARÍZ- LÍMITE PROVINCIAL DE A CORUÑA (SOBRADO)”, P.K. 3+534 A 9+204.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 20 de decembro de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 265.077,75€, dos cales 46.005,23€ son de IVE, correspondente á obra: GUITIRIZ.- Rehabilitación de firme LU-P-2302 “Guitiriz-Mariz-Límite provincial de A Coruña (Sobrado)”, P.K. 3+534 a 9+204.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 03 de xaneiro de 2020, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 05 de febreiro de 2020 deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada como GUITIRIZ.- Rehabilitación de firme LU-P-2302 “Guitiriz-Mariz-Límite provincial de A Coruña (Sobrado)”, P.K. 3+534 a 9+204. segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público.

O prazo de presentación de ofertas (término) remataba ás 23.59 horas do día 29/01/2020.

A mercantil Obras y Saneamientos de Galicia SL, figuraba dúas veces, presentando polo tanto mais de unha oferta, polo que a mesa, por unanimidade acordou, ante a posibilidade de que sexa a mesma oferta, presentada dúas veces, por calquera incidencia que se puidera producir no proceso de subido de datos, mais sendo coñecedores que ese día fallou varias veces a conexión a Internet, esperar a abrir as ofertas para ver se son a mesma oferta ou distinta e tomar daquela unha decisión sobre o asunto.

De seguido procedeuse á apertura do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordouse por unanimidade aceptalas a todas, a expensas do sinalado para a mercantil Obras y Saneamientos de Galicia SL, no referente a presentación de mais de unha oferta.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

GUITIRIZ.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2302 “GUITIRIZ-MARIZ-LÍMITE PROVINCIAL DE A CORUÑA (SOBRADO)”, P.K. 3+534 A 9+204			
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)			
VALOR ESTIMADO		265.077,75	
CLASIFICACION EXIGIDA:		219.072,52	46.005,23 IVE
PRAZO DE EXECUCION:	NO	6	MAXIMO 4.381,45



EMPRESAS / (GRUPO)			(A) PRECIO (95)	(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído .- art 102)	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados
1	CANARGA SL		229.200,00 €	3.621,03 €	49/0
2	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		227.940,36 €	200,00 €	11/0
3	CHOLO SL		215.243,14 €	1.000,00 €	22/1
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	202.359,19 €	0,00 €	33/1
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		197.880,54 €	4.381,45 €	160/4
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	204.665,45 €	0,00 €	2/0
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL		223.433,00 €	2.190,73 €	13/0
8	GRUPO BASCUAS 2008 SL		239.365,21 €	4.381,45 €	88/1
9	HORDESCÓN SL		238.331,40 €	741,27 €	25/0
10	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		DUAS OFERTAS DISTINTAS		
11	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	B	199.408,00 €	0,00 €	44/1
12	PROBISA VIAS Y OBRAS SLU	B	202.070,00 €	4.400,00 €	191/4
13	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		216.833,60 €	2.330,58 €	34/2

Á vista das ofertas das empresas, observase que as presentadas pola mercantil Obras y Saneamientos Galicia SL, son dúas ofertas distintas, incumprindo así o sinalado na cláusula once do PCAP, que sinala “...Cada contratista está limitado a presentar unicamente unha única proposición, A contravención dese principio dará lugar, de xeito automático, á desestimación de todas as ofertas ou propostas de licitación nas que figure, con independencia da boa fe ...”. polo que a mesa, acorda, por unanimidade, excluíla da licitación.

Así mesmo faise constar que durante a apertura das ofertas, nas das mercantís Cholo SL, e T.A. Isidro Hnos Blanco Trigo SL, detéctase erro aritmético no redondeo do IVE e polo tanto na suma total da oferta, (en 0,01 euros), polo que ao tratarse dun mero erro aritmético, a mesa corríxeo e inclúe o importe correcto no cadro precedente, seguindo así os mesmos criterios que en casos similares acaecidos con anterioridade e en base igualmente a diversos pronunciamentos dos TARC. (Castilla León- Resolución 43 e 44/2014 de 5 de xuño; TACRC de 25 de abril, resolución 334/2014).

De seguido procedeuse, unha vez excluída a mercantil Obras y Saneamientos Galicia SL, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	CANARGA SL		229.200,00 €
2	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		227.940,36 €
3	CHOLO SL		215.243,14 €
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	202.359,19 €
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		197.880,54 €
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	204.665,45 €
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL		223.433,00 €
8	GRUPO BASCUAS 2008 SL		239.365,21 €
9	HORDESCÓN SL		238.331,40 €
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	B	199.408,00 €
11	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	B	202.070,00 €
12	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		216.833,60 €

MEDIA 218.999,44

BAIXA DESPROPORCIONADA 197.099,50

10% ARriba 240.899,39

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
EXCAVACIONES SANTIÑOS SL
PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			PRECIO (95)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
			Oferta	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	CANARGA SL		229.200,00 €	50,72	3.621,03 €	4,13	54,85
2	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		227.940,36 €	52,50	200,00 €	0,23	52,73
3	CHOLO SL		215.243,14 €	70,45	1.000,00 €	1,14	71,59
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	202.359,19 €	88,67	0,00 €	0,00	88,67
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		197.880,54 €	95,00	4.381,45 €	5,00	100,00
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	204.665,45 €	85,41	0,00 €	0,00	85,41
7	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL		223.433,00 €	58,88	2.190,73 €	2,50	61,38
8	GRUPO BASCUAS 2008 SL		239.365,21 €	36,35	4.381,45 €	5,00	41,35
9	HORDESCÓN SL		238.331,40 €	37,81	741,27 €	0,85	38,66
10	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	B	199.408,00 €	92,84	0,00 €	0,00	92,84
11	PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU	B	202.070,00 €	89,08	4.400,00 €	5,00	94,08
12	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		216.833,60 €	68,21	2.330,58 €	2,66	70,87

Por canto antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación a Acta e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación por orde decrecente das propostas e requira ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 12 de febreiro de 2020 adoptouse a seguinte Resolución:



“(…)

Excluir da licitación á mercantil Obras y Saneamientos Galicia SL, ao abeiro do establecido no PCAP e lexislación concordante, por presentar mais de unha oferta á licitación.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL		100,00
2	PROBISA VIAS Y OBRAS SLU	B	94,08
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	B	92,84
4	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	88,67
5	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	85,41
6	CHOLO SL		71,59
7	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		70,87
8	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL		61,38
9	CANARGA SL		54,85
10	CANTERAS ISIDRO OTERO SL		52,73
11	GRUPO BASCUAS 2008 SL		41,35
12	HORDESCÓN SL		38,66

Requirir ao contratista Construcciones Taboada y Ramos SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

En data 14 de febreiro de 2020 foille achegado escrito, a través da plataforma de contratos do sector público, con identificador 2020-NOT-01175918, con confirmación de lectura do 14-02-2020, á mercantil Construcciones Taboada y Ramos SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 8.176,88 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil Construcciones Taboada y Ramos SL, achegou en data 20-02-2020, a través da plataforma de contratación do sector público a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra GUITIRIZ.- Rehabilitación de firme LU-P-2302 “Guitiriz-Mariz-Límite provincial de A Coruña (Sobrado)”, P.K. 3+534 a 9+204.conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 20 de decembro de 2019, á mercantil Construcciones Taboada y Ramos SL, representada por D. Manuel Taboada Gómez, no prezo de 197.880,54 € dos cales 34.342,90 € son de IVE; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 4.381,45 € e 920,11 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:



1º.- Adjudicar a execución da obra GUITIRIZ.- Rehabilitación de firme LU-P-2302 “Guitiriz-Mariz-Límite provincial de A Coruña (Sobrado)”, P.K. 3+534 a 9+204.conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 20 de decembro de 2019, á mercantil Construcciones Taboada y Ramos SL, representada por D. Manuel Taboada Gómez, no prezo de 197.880,54 € dos cales 34.342,90 € son de IVE; e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 4.381,45 € e 920,11 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adjudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Requerir o adjudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADJUDICACIÓN DA OBRA DE: ANTAS DE ULLA.- MELLORAS LOCAIS LU-P- 4002 “PALAS DE REI (LU-221)- PONTE MERCE- ANTAS DE ULLA (N-640)”, P.K. 9+720, LU-P-0306 “SANTA MARIÑA (LU-P- 0302)- FRADEGAS”, P.K. 0+400 E LU-P-0302

“ANTAS DE ULLA (N-640)- SANTA MARIÑA- LÍMITE PROVINCIA DE PONTEVEDRA (BORRAXEIROS)”, P.K. 0+000 A 0+500.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 20/12/2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 87.525,87 €, dos cales 15.190,44€ son de IVE, correspondente á obra indicada.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 03/01/2020 , abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 05/02/2020 deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada como ANTAS DE ULLA.- Melloras locais LU-P-4002 “Palas de Rei (LU-221) – Ponte Merce – Antas de Ulla (N-640)”, P.K. 9+720, LU-P-0306 “Santa Mariña (LU-P-0302) – Fradegas”, P.K 0+400 e LU-P-0302 “Antas de Ulla (N-640) – Santa Mariña – Limite Provincia de Pontevedra (Borraxeiros)”, P.K. 0+000 a 0+500 segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á



DEPUTACIÓN DE LUGO

obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

ANTAS DE ULLA - MELLORAS LOCAIS LU-P-4002 “PALAS DE REI (LU-221) – PONTE MERCE – ANTAS DE ULLA (N-640)”, P.K. 9+720, LU-P-0306 “SANTA MARIÑA (LU-P-0302) – FRADEGAS”, P.K. 0+400 E LU-P-0302 “ANTAS DE ULLA (N-640) – SANTA MARIÑA – LIMITE PROVINCIA DE PONTEVEDRA (BORRAXEIRO)”, P.K. 0+000 A 0+500

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

87.525,87
72.335,43

DE IVE (partida independente)

MELLORAS			
IMP. SIN IVE	28,65	IMP CON IVE	41,25

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

NO

6

MAXIMO

1.446,71

IMP. GX e BI

34,09

EMPRESAS / (GRUPO)		(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)
		PREZO (IVE incluído - art 102)	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	€/M // CUSTE (€) menos % baixa 41,25	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados	%	%	
1	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL	85.827,87 €	0,00	0,00	1.446,71 €	2/0	98,06%	1,94%	85.827,87 €
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A 68.908,29 €	0,00	0,00	0,00 €	33/1	78,73%	21,27%	68.908,29 €
3	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A 84.505,19 €	450,00	17.922,09	0,00 €	2/0	96,55%	3,45%	66.583,10 €
4	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	68.970,00 €	100,00	3.250,50	2.000,00 €	16/0	78,80%	21,20%	65.719,50 €
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL	86.831,72 €	15,00	613,86	1.446,71 €	88/1	99,21%	0,79%	86.217,86 €
6	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	82.274,31 €	120,00	4.653,00	661,16 €	34/2	94,00%	6,00%	77.621,31 €

Á vista das ofertas das empresas, observase que a presentada pola mercantil Fevisa Vías y Obras SL, no relativo ao Programa de divulgación, figura un prezo en letra e outro en número, polo que a mesa, entendendo que debe prevalecer a letra sobre o número, acordou, por unanimidade, ter en conta a oferta en letra, sendo esta de “dous mil euros” mais IVE.

Mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), comprobouse si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA (A-B)	
		Oferta	
1	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL		85.827,87 €
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	68.908,29 €
3	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	66.583,10 €
4	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		65.719,50 €
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL		86.217,86 €
6	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		77.621,31 €

MEDIA	NOVA MEDIA
76.393,93	69.974,64

BAIXA DESPROPORCIONADA	NOVA BAIXA
68.754,54	62.977,17

10% ARRIBA
84.033,32

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:

CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procédese á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Oferta (m pavimentar e sinalizar)	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL	85.827,87 €	6,84	0,00	0,00	1.446,71 €	5,00	11,84
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	68.908,29 €	75,00	0,00	0,00	0,00 €	0,00	75,00
3	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	84.505,19 €	12,17	450,00	20,00	0,00 €	0,00	32,17
4	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	68.970,00 €	74,75	100,00	4,44	2.000,00 €	5,00	84,19
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL	86.831,72 €	2,80	15,00	0,67	1.446,71 €	5,00	8,47
6	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	82.274,31 €	21,16	120,00	5,33	661,16 €	2,29	28,78

Polo que antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación, por orde decrecente, das propostas e requirir ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 12/02/2020 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	84,19
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	75,00
3	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	32,17
4	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	28,78
5	BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL	11,84
6	GRUPO BASCUAS 2008 SL	8,47



Requirir ao contratista Fevisa Vías y Obras SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras”.

Por escrito achegado a través da plataforma de contratos do sector público, en data 14/02/2020, con identificador 2020-NOT-01175389, e confirmación de lectura do 14/02/2020 foi requirida a mercantil Fevisa Vías y Obras SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 2.850,00 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil Fevisa Vías y Obras Sl , achegou a través de escrito con rexistro de entrada de data 27/02/2020 a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra ANTAS DE ULLA.- Melloras locais LU-P-4002 “Palas de Rei (LU-221) – Ponte Merce – Antas de Ulla (N-640)”, P.K. 9+720, LU-P-0306 “Santa Mariña (LU-P-0302) – Fradegas”, P.K. 0+400 e LU-P-0302 “Antas de Ulla (N-640) – Santa Mariña – Limite Provincia de Pontevedra (Borraxeiros)”, P.K. 0+000 a 0+500 conforme ao proxecto técnico, aprobado pola Xunta de Goberno en data 20/12/2019, á mercantil Fevisa Vías y Obras SL, representada por D. Juan Carlos López Rivero, no prezo de 68.970,00 €, dos cales 11.970,00 € son de IVE; unhas melloras consistentes en 100 metros de lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas no PCAP; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 2.000,00 € e 420,00 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o

carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: as melloras de obra e o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra ANTAS DE ULLA.- Melloras locais LU-P-4002 “Palas de Rei (LU-221) – Ponte Merce – Antas de Ulla (N-640)”, P.K. 9+720, LU-P-0306 “Santa Mariña (LU-P-0302) – Fradegas”, P.K 0+400 e LU-P-0302 “Antas de Ulla (N-640) – Santa Mariña – Limite Provincia de Pontevedra (Borraxeiros)”, P.K. 0+000 a 0+500 conforme ao proxecto técnico, aprobado pola Xunta de Goberno en data 20/12/2019 , á mercantil Fevisa Vías y Obras SL representada por D. Juan Carlos López Rivero, no prezo de 68.970,00 €, dos cales 11.970,00 € son de IVE; unhas melloras consistentes en 100 metros de lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas no PCAP; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 2.000,00 € e 420,00 € de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: as melloras de obra e o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.



Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Requerir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

3º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DE VARIAS ALCALDÍAS SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVERSIONES INCLUIDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Muras, Alfoz, Guntín e Friol, no que solicitan a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas

mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13^a, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevee colocar o cartel identificativo do investimento...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

Os concellos indicados achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Muras

O Concello de Muras presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
MURAS	179	ACTUACIÓN EN ESTRADAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE SEILÁN, CONTINUACIÓN MOURISCÓN-OUROL, ESTRADA DE ABELEDO E ESTRADA DE BARRAL	1531.76201	37.608,41€

Así mesmo, por escrito de data 13/02/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
MURAS	REM	MELLORA DAS ESTRADAS DE ACCESO AOS NÚCLEOS DE PENA GRANDE E A SUSANA, E DA ESTRADA DE ACCESO E APARCADOIRO AO CEMITERIO DE MURAS	1531.76201	--	37.600,24€	37.600,24€

Concello de Alfoz

O Concello de Alfoz presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
ALFOZ	5	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS ÁS TEIXOEIRAS, O REIRADO, A CRUZ-A GRELA, PORTO DEREITO-CONCELLO, A PESQUITA E PAVIMENTACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE BARANDILLA EN PONTE MUIÑO DAMIÁN, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	19.773,57€

Así mesmo, por escrito de data 19/02/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
ALFOZ	REM	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A BUDIÁN, AGUILLÓN E O CAMPO VERDE, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	--	19.773,57€	19.773,57€

Concello de Guntín

O Concello de Guntín presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
GUNTÍN	126	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS ÁS TEIXOIRAS, O REIRADO, A CRUZ-A GRELA, PORTO DEREITO-CONCELLO, A PESQUITA E PAVIMENTACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE BARANDILLA EN PONTE MUÍÑO DAMIÁN, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	195,68€
	127	MELLORA DO FIRME DO ACCESO PRINCIPAL AO NÚCLEO RURAL DE PRADEDO DE ABAIXO, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	146,23€
	128	OBRA DE ACCESOS NOS LUGARES DE VILAMEÁ E VILARMAO, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	166,03€
	129	MELLORA DE ACCESOS A CASAS ILLADAS: XANAZ, CRENDE PEQUENO, C. PENEDO, C. DE ZOLLE, C. ANGELINES, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	23.897,60€

Así mesmo, por escrito de data 21/02/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
GUNTÍN	REM	MELLORA DE ACCESOS NOS NÚCLEOS DE MARTÍN, GONDARÉN, VENDA DO RATO E TREILÁN (GUNTÍN), INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	--	23.998,95€	23.998,95€

Concello de Friol

O Concello de Friol presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
FRIOL	116	MELLORA DOS ACCESOS A FRAGA, TOXO-AS POZAS, PRADO DE ABAIXO, LAMAS E PARDELLAS, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	32.266,25€
	117	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A RAMELLE, ROCHA, SAMEDE, VILAR, FONTE DO CAN, LAGOUZOS, MOZÓN, QUINTÁ E PRADEDA, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	21.898,88€

Así mesmo, por escrito de data 20/02/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
FRIOL	REM	PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO SISTO A GRUÑAR	1531.76201	--	33.755,77€	33.755,77€
	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AOS NÚCLEOS DE A PORREIRA E A PORTELA	1531.76201	--	20.409,36€	20.409,36€

Tendo en conta as solicitudes dos sinalados concellos, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polos respectivos Concellos, no Plan Único 2019, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas no seu caso.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Muras, Alfoz, Guntín e Friol e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos

investimentos incluídos inicialmente, os investimentos que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas, no seu caso.

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
MURAS	REM	MELLORA DAS ESTRADAS DE ACCESO AOS NÚCLEOS DE PENA GRANDE E A SUSANA, E DA ESTRADA DE ACCESO E APARCADOIRO AO CEMITERIO DE MURAS	1531.76201	--	37.600,24€	37.600,24€
ALFOZ	REM	PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS A BUDIÁN, AGUILLÓN E O CAMPO VERDE, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	--	19.773,57€	19.773,57€
GUNTÍN	REM	MELLORA DE ACCESOS NOS NÚCLEOS DE MARTÍN, GONDARÉN, VENDA DO RATO E TREILÁN (GUNTÍN), INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	--	23.998,95€	23.998,95€
FRIOL	REM	PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO SISTO A GRUÑAR	1531.76201	--	33.755,77€	33.755,77€
	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AOS NÚCLEOS DE A PORREIRA E A PORTELA	1531.76201	--	20.409,36€	20.409,36€

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta relativa á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre esta Deputación de Lugo e o Concello de O Valadouro, para a execución de fins comúns consistentes en: cerramento e cuberta de acceso dende colexio ata o polideportivo, adquisición de terreos lindeiros ao cemiterio municipal para a súa ampliación e equipamento centro de formación para homologar o módulo de agricultura ecolóxica.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de O Valadouro, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Cerramento e cuberta de acceso dende colexio ata o polideportivo, adquisición de



terreos lindeiros ao cemiterio municipal para a súa ampliación e equipamento centro de formación para homologar o módulo de agricultura ecolóxica, que dispón o seguinte:

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 28/06/2019, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Valadouro coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Cerramento e cuberta de acceso dende colexio ata o polideportivo, adquisición de terreos lindeiros ao cemiterio municipal para a súa ampliación e equipamento centro de formación para homologar o módulo de agricultura ecolóxica.

Dito convenio foi modificado por acordó da Xunta de Goberno de data 11/12/2019.

En data 05/07/2019 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Valadouro, sendo asinado o 27/12/2019 addenda de modificación, no que se recollía a modificación da cláusula terceira, relativa ás obrigas do Concello de O Valadouro quedando:

“(…)

e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 31 de marzo de 2020”.

Don Edmundo Maseda Maseda, Alcalde do Concello de O Valadouro achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 17/02/2020, a través do que manifesta “... retraso na tramitación da actuación correspondente a equipamento para o Centro de Formación para homologar o módulo de agricultura ecolóxica por causas non imputables a este Concello (dificultades para atopar algún dos suministros previstos no equipamento do centro de formación)...”, solicita unha prórroga para a execución dos investimentos ata o 31 de maio de 2020.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3.



A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os

subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional,



enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de O Valadouro é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na

calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; k) cemiterios e actividades funerarias; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...).

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”.

A Lei 8/1985 de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, regula na súa disposición adicional segunda “... As corporacións locais cooperarán coas Administracións educativas competentes, no marco do establecido pola lexislación vixente e, no seu caso, nos termos que acorden aquelas, na creación, construción e mantemento dos centros públicos docentes ...”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de O Valadouro segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo Concello de O Valadouro a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias



propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada obra ou actuación, sendo responsabilidade do Concello de O Valadouro tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia, e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

O Concello de O Valadouro será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2020, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.



Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a data límite para executar as actuacións incluídas o convenio sexa o 31 de maio de 2020.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación segunda do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente

Por todo o exposto proponse:

Que se aprobe a modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de O Valadouro, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Cerramento e cuberta de acceso dende colexio ata o polideportivo, adquisición de terreos lindeiros ao cemiterio municipal para a súa ampliación e equipamento centro de formación para homologar o módulo de agricultura ecolóxica, de tal xeito que a data para executar os investimentos quede fixada na data límite do 31 de maio de 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ORZAMENTO DEFINITIVO REMITIDO POLO DIRECTOR TÉCNICO DA OBRA DE EMERXENCIA DE RIBEIRA DE PIQUÍN.- ACTUACIÓNS DE SOSTEMENTO DA LU-P-4806 NO P.K. 24+300.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Vista a documentación técnica descritiva remitida en data 27/02/2020, a través do expediente número 2020/XEN_01/000352, polo Director Técnico das obras de emerxencia sinalada, ao que acompaña memoria, planos, valoración definitiva das obras e recepción das mesmas, infórmase o seguinte:

Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada con data 11/12/2019 a vista dos informes dos Servizos en relación coa actuación de emerxencia sinalada, acordouse o seguinte:

“(…)

Declarar de emerxencia a execución da obra de RIBEIRA DE PIQUÍN.- Actuacións de sostemento da LU-P-4806 no P.K. 24+300, como consecuencia das incidencias da rotura do terraplén que serve de asento da estrada nese punto, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 49.706,99 euros.

De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa COMFICA Soluciones Integrales SA, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 49.706,99€, o cal prestou a súa conformidade.

As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de



emergencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada”.

O artigo 120 da LCSP, en su apartado d) establece o seguinte: “Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Lei sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación... indicando ademais: “En el supuesto de que le libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizada a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos”.

Pola dirección técnica con data 27/02/2020, trasládase a este Servizo de Contratación e Fomento documentación técnica descritiva da execución da obra indicada.

No caso que nos ocupa, entende o que subscribe que por “cuenta justificativa”, refírese ou debe entenderse a valoración definitiva das obras executadas –relación valorada-, memoria e a acta de recepción redactadas pola dirección técnica así como a factura, unha vez que sexa presentada polo contratista adxudicatario.

Destacar que o propio acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 11/12/2019, no apartado terceiro do acordo di que “As obras liquidáranse á súa terminación mediante relación valorada (Artigo 179 do RD1098/2001 para o cal, o total resultante da suma dos produto das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementaránse un 5% en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomende a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP)”;

acordo que así figura na valoración definitiva das obras.

O artigo 179 do RD 1098/2001, apartado 3, sinala “... A liquidación das obras executadas con colaboradores, de acordo co párrafo b) do artigo 176 do RXLCAP, “realizárase mediante relacións valoradas, acompañadas polo correspondente documento contractual donde figure o prezo concertado.”

A vista do anterior, e tendo en conta o establecido no artigo 120 da LCSP, o artigo 322.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Admón. Local de Galicia, en relación co artigo 54.1 e concordantes

do Regulamento orgánico da Deputación, infórmase favorablemente a aprobación do orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada-, que ascende a cantidade de 43.510,92€, dos cales 7.551,48€ corresponden ao IVE, e o aboamento á empresa adxudicataria das obras, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, conformada pola dirección técnica e, se achegue a conta xustificativa á Intervención desta entidade.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada- da obra de emerxencia indicada, que ascende a cantidade de 43.510,92€, dos cales 7.551,48€ corresponden ao IVE.

2º.- Proceder ao aboamento á empresa adxudicataria das obras, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, e sexa aprobada a conta xustificativa polo órgano competente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- INSTRUCCIÓN Nº3 PARA A APLICACIÓN DA LEI 9/2017, DO 8 DE NOVIEMBRE, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO (LCSP): NOVA REGULACIÓN DOS CONTRATOS MENORES.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/EU e 2014/24/EU, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), contén a lexislación básica de esta materia e ten como fin garantir os principios de liberdade de acceso as licitacións, a publicidade e transparencia dos procedementos e a non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores así como asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto e o



principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta mais vantaxosa.

Non obstante estes principios básicos modúlanse na figura do contrato menor. Así, para mellorar a eficacia e eficiencia que debe presidir toda actuación administrativa, o lexislador simplificou o procedemento administrativo de contratación de estes contratos menores, e dada a súa escasa contía aconsella a eliminación de trámites ou requisitos.

A Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación ditou a Instrución 1/2019, de 28 de febreiro (BOE de 7 de marzo de 2019), sobre a tramitación dos contratos menores a fin do homoxeneizar as actuacións.

O artigo 118 foi modificado pola disposición final primeira do Real Decreto-Ley 3/2020, de 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; de ámbito tributario e de litixios fiscais.

Coa presente circular regulase a tramitación dos contratos menores dos diferentes centros xestores da Deputación Provincial de Lugo.

Vistos os informes e antecedentes incorporados ao expediente e nomeadamente o do servizo de Contratación e Fomento, emítese a presente instrución:

A aplicación da citada norma legal, en diversos aspectos, está suscitando dúbidas propias de todo cambio lexislativo, centrándose esta terceira instrución especialmente nos contratos menores, unha vez modificado o artigo 118 pola disposición final primeira do Real Decreto-Ley 3/2020, de 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; de ámbito tributario e de litixios fiscais.

O artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, prevé que os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante instrucións e ordes de servizo (apartado 1º).

A nova redacción do artigo 118 da LCSP, en vigor dende o 6 de febreiro de 2020, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; de ámbito tributario e de litixios fiscais, que da unha nova redacción a este artigo, que queda redactado como sigue:

Artigo 118. Expediente de contratación en contratos menores.

1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

2. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior.

3. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

4. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

5. O disposto no apartado 2.º deste artigo non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.

6. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.



Cabe destacar, desta nova regulación para os contratos menores, como principal novidade a eliminación de xustificar que o contratista non subscribiu mais contratos menores que individual ou conxuntamente superen a contía que limita os contratos menores, entendéndose como xa é comunmente aceptado aplicado o ano natural e polo tanto desaparece da regulación o límite anual por contratista. Xunto con esta, tamén se introduce unha nova regulación simplificada para os denominados pagos menores, sempre e cando o valor estimados dos mesmos no exceda dos 5.000 euros anuais.

Ademais, o artigo 63.4 LCSP dispón que a publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente no perfil do contratante e o artigo 346 LCSP establece en relación co Rexistro de Contratos do Sector Público, que se exceptuarán da comunicación ao citado rexistro aqueles cuxo prezo fóra inferior a cinco mil euros, IVE engadido, sempre que o sistema de pago utilizado fora o do anticipo de caixa fixa u outro similar para realizar pagos menores.

A nova redacción deste artigo, obriga a modificar as instrucións 1 e 2 da aplicación da LCSP, en todo o relativo a contratos menores, que será substituído por esta nova redacción.

Consta elaborado modelo normalizado de contrato menor “M” e modelo normalizado de gasto menor “GM”

No modelo “M” baixo a lenda “proposta de contrato menor, modelo M”, recóllese os seguintes apartados ou parámetros, coa finalidade de facilitar a tramitación deste tipo de procedementos:

Área de Goberno

Unidade Administrativa

Número De Expediente

Obxecto do contrato que se pretende realizar.

Necesidade da contratación. (Xustificación de maneira motivada a necesidade do contrato, que o importe se axusta a prezos de mercado e que se trata dun gasto non recorrente).

Relación de empresas as que se solicitaron orzamentos para a tramitación do procedemento de referencia, as ofertas presentadas polas mesmas e declaracións responsables.

Forma de recepción e pago da prestación.

Xustificación de non aportar tres orzamentos.

Xustificación de que non se altera o obxecto do contrato para evitar as regras xerais da contratación. (Co fin de evitar o establecido nos art. 118 e 131.3 da LCSP).

Especificacións técnicas das prestacións.


Condições para as prestacións solicitadas e valoradas para elixir a mellor oferta.

Responsable do contrato (No caso de existir).

A conformidade do deputado delegado e orde de tramitación conformidade do órgano de contratación.

No caso de obras, ademais estarase ao sinalado no punto 4 do artigo 118.

Diagrama para a tramitación de contratos menores: fases






Gastos menores

Estes gastos, de acordo co artigo 118.5, están baseados en sistemas de anticipos de caixa fixa ou similares para realizar pagos menores, coa condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros no exercicio orzamentario. Os gastos han de ser periódicos e repetitivos, e relativos os conceptos orzamentarios que figuran recollidos na base 14ª das BEO do orzamento xeral da Deputación de Lugo, que se reproduce de seguido:

Concepto	Descrición
212	Reparación, mantemento e conservación edificios e outras construcións
213	Reparación, mantemento e conservación maquinaria, instalacións e ferramentas.
214	Reparación, mantemento e conservación material de transporte.
215	Reparación, mantemento e conservación mobiliario e aparellos.
216	Reparación, mantemento e conservación equipos proceso de información.
220	Material de oficina.
221	Subministracións.
222	Comunicacións.
223	Transportes.
224	Primas de seguros.
225	Tributos.
226	Gastos diversos.

Nota: Este sistema é incompatible co sistema de anticipo de caixa fixa. En ningún caso pode supoñer un fraccionamento de contrato.

Diagrama para a tramitación de gastos menores: fases



No modelo “GM” baixo a lenda “proposta para gastos menores, modelo GM”, recóllese os seguintes apartados ou parámetros, coa finalidade de facilitar a tramitación deste tipo de procedementos:

Área de goberno

Unidade administrativa

Número de expediente

Obxecto do contrato que se pretende realizar

Necesidade da contratación

Xustificación de que non existe fraccionamento

Responsable do contrato (no caso de existir)

Prezo

A conformidade do deputado delegado e orde de tramitación

Mantense a regulación recollida na Instrución nº 2 para a aplicación da lei 9/2017, DO 8 de novembro, de contratos do sector público, aprobada pola Xunta de Goberno con data 26 de outubro do 2018, co obxecto de determinar que nos contratos menores con valor estimado inferior ou igual a 500,00 €, non será preciso aportar tres ofertas para a súa tramitación.

Emítase esta instrución para facilitar a tramitación dos procedementos de contrato menor, atendendo a experiencia acadada e as novas determinacións legais, debendo entenderse como algo dinámico e susceptible de modificación e melloras no futuro, como consecuencia da súa aplicación práctica.

En todo caso, esta instrución e a súa aplicación respectarán o establecido na Base 17 “Gastos ou Contratos Menores”, das Bases de Execución do Orzamento desta Deputación.

Doutra banda, de procurarse que a tramitación sexa áxil, ao tempo que garantista, aproveitando as ferramentas dixitais, coa finalidade inmediata de que a tramitación destes procedementos sexa integramente dixital e a licitación electrónica.



Por canto antecede, propono á Xunta de Goberno:

1º.- Efectuar as seguintes determinacións para a tramitación dos contratos menores e gastos menores:

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no artigo 118.1 da LCSP.

Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da LCSP establezan.

No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 da LCSP cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

No caso de gastos menores por valor estimado que non exceda os 5.000 euros anuais, para os gastos que teñan cabida nos conceptos orzamentarios sinalados na BASE 14 das Bases de Execución do orzamento, bastará coa proposta do servizo e certificación de existencia de crédito pola intervención.

Os contratos menores con valor estimado inferior ou igual a 500,00 €, non será preciso aportar tres ofertas para a súa tramitación.

2º.- Aprobar os modelos identificados como “Proposta de contrato menor M” e os modelos identificados como “Proposta para gastos menores GM”.

3º.- Aprobar o modelo de declaración responsable, a efectos de comprobar a aptitude para contratar, dos operadores económicos, nesta Deputación Provincial.

4º.- Aprobar o diagrama de “Tramitación de contratos menores. Fases” e o diagrama “Tramitación de gastos menores. Fases”, que constan no corpus desta circular.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO PARA A CONSTRUCCIÓN
DUN CENTRO RESIDENCIAL NO CONCELLO DA POBRA DE BROLLÓN
ADXUDICADO Á ENTIDADE PRADO LAMEIRO, S.L.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, onde se recollen as seguintes consideracións xurídicas:

“Sobre os antecedentes a natureza xurídica da incidencia contractual que supón o actual estado de inexecución da obra e as alegacións ó respecto formuladas pola entidade adxudicataria.

Como inicio das consideracións do presente compre recordar, que a execución material do contrato non se ten iniciado, e que polo tanto se está a frustrar a finalidade e necesidade pública do mesmo cuxa satisfacción motivou o inicio do expediente. Sendo esta situación de impedimento da execución, *per se*, causa suficiente para a resolución do contrato (STS 14 de mayo de 2008 e STS de 10 de mayo de 2007 doutrina reproducida na STS de 3 de abril de 2007 entre moitas outras) .

Compre indicar igualmente e con carácter xeral que as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria que o contratista ten aceptado, e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP cando sinala que “as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha...”

Queda advertido por tanto o carácter vinculante do prego como “*lex contractus*”, cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista.



O contratista, nas súas alegacións, asume estas afirmacións e a consolidada doutrina que a desenvolve, pero olvida nas mesmas o literal do prego cando sinala (destacase o literal en subraiado), como obriga de Prado Lameiro “c) Elaboración e presentación no Rexistro da Deputación do Plan de Seguridade e saúde elaborado en base ao estudo de seguridade e saúde incluído no proxecto técnico, antes da comprobación do reformulo.... (cláusula 2.2.3).” .

Por último, compre recordar que esta administración ten resolto a solicitude de resolución contractual suscitada polo contratista desestimándoa por apreciar que non concorre a causa esgrimida polo contratista, non existindo óbice para a tramitación das demais incidencias que poidan xurdir, incluídas aquelas que teñan o seu orixe en distintas causas de resolución tal e como se deriva no disposto no art. 211.2 ,e según se verifica no caso presente .

Respecto da situación da obra, dos datos obrantes no expediente se deriva a falta de inicio da execución da mesma, aínda que se teñen verificado os aspectos físicos do replanteo, operando a falta de cumprimento das obrigas do contratista, (mediando a súa singular inactividade) como circunstancia impeditiva do inicio da execución material.

Respecto das alegacións do contratista compre sinalar :

Establecemento dun sistema de “a) Seguimiento da ejecución da obra en tempo real a través de cámaras web (clausula 2.2.2)”.

Baste sinalar que da propia manifestación do contratista se extrae que dita obriga non se ten atendido, debendo destacar que as cámaras se deben de instalar para dita finalidade , sendo responsable en exclusiva o contratista de que a execución non se teña iniciado .

Entrega da cadea de mando debidamente detallada á administración antes de comezar a execución .

Das manifestacións do contratista non se conclúe o cumprimento da súa obriga, antes ó contrario dos informes obrantes se deriva que non lle consta á xefa do servizo de arquitectura que se tivese atendido á mesma, asimesmo do análise do expediente non se pode extraer que dita cadea cumpra os requisitos de entrega a administración antes de comezar a execución, baste recordar que o documento sinalado polo contratista folio 572 indica de xeito exíguo :

SE COMPROMETE

A adscribir a la ejecución del contrato a Pablo Veiras Ferro, como Arquitecto Técnico director de ejecución material y Sergio Álvarez Alonso, Arquitecto Técnico como responsable de PRL.

Non parece polo tanto que se poida predicar o cumprimento do requisito con carácter previo á execución , nin que esta declaración do folio 572 resulta formulada de xeito “debidamente detallada”, por non indicar a que efectos se realiza tal compromiso , nin o rol que xoga dito persoal na presumible cadea de mando que puidera comportar tan escasa manifestación .

Respecto do incumprimento relativo a obtiga “c) Elaboración e presentación no Rexistro da Deputación do Plan de Seguridade e saúde elaborado en base ao estudo de seguridade e saúde incluído no proxecto técnico, antes da comprobación do reformulo.... (cláusula 2.2.3).”

Dita obriga foi claramente incumprida polo contratista en atención ó literal da cláusula do prego, que agora Prado Lameiro pretende interpretar de xeito interesado, non esixe por tanto condicionante adicional á propia vontade do seu cumprimento polo contratista, que é o único obrigado á súa atención, e ademais responsable directo e singular de que se frustre o contrato administrativo , pór non entregar o documento nin en tempo nin en forma .

A execución dun contrato público non pode depender como esta a facer o contratista da súa inactividade ó cumprir cunha cláusula de meridiana claridade a teor do prego “elaboración e presentación no rexistro da Deputación do plan de seguridade e saúde”, que nada di da previa designación do coordinador nin que este teña que ser designado ou contratado con carácter previo o cumprimento das súas obrigas como adxudicatario, podendo elaborarse e remitirse polo contratista con entrega no rexistro de entrada para que administración, poida proceder ó seu informe e aprobación, cos medios e técnicos propios ou contratados que estime oportunos.



A administración por tanto non está a incumprir ningunha das súas responsabilidades no contrato, correspondendo coa consciente inobservancia do contratista das súas obrigas que se torna en vontade de frustrar a finalidade do contrato de xeito deliberado e a pesar de térselle requirido para o cumprimento das mesas .

A administración mesmo intentou e formalizou o replanteo físico , pero resulta imposible avanzar coa execución material, sen “elaboración e presentación no rexistro da Deputación do plan de seguridade e saúde”, elaboración e presentación que solamente pode realizar o contratista, titular da obriga por prego, con base no estudio de seguridade e saude incluído no proxecto técnico que coñece.

Polo tanto, aínda que se tivo celebrado o acto de replanteo con data de 2 de outubro, o incumprimento do contratista impedía que este se tivese perfeccionado, e se puidera proceder á apertura do centro de traballo e inicio dos traballos dacordo coa normativa aplicable , que establece novamente que dita obriga corresponde ó contratista .

Así baste recordar o artigo 7 do Real Decreto 1627/1997, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saude nas obras de construción: “1. En aplicación del estudio de seguridad y salud o, en su caso, del estudio básico, cada contratista elaborará un plan de seguridad y salud en el trabajo en el que se analicen, estudien, desarrollen y complementen las previsiones contenidas en el estudio o estudio básico, en función de su propio sistema de ejecución de la obra.....

2. El plan de seguridad y salud deberá ser aprobado, antes del inicio de la obra, por el coordinador en materia de seguridad y de salud durante la ejecución de la obra.

En el caso de obras de las Administraciones públicas, el plan, con el correspondiente informe del coordinador en materia de seguridad y de salud durante la ejecución de la obra, se elevará para su aprobación a la Administración pública que haya adjudicado la obra.”

Como deriva da normativa específica a administración non pode aprobar aquilo que o contratista non ten elaborado e entregado e como consecuencia de isto non pode facer entrega do mesmo ó coordinador para o seu preceptivo informe.

Non resulta de incumbencia do contratista a organización deste proceso interno no seo da administración provincial, e moito menos como se pretende, converter a pasividade do contratista, nun condicionante para o cumprimento da súa obriga de entregar no rexistro de entrada da Deputación provincial o reiteradamente requirido plan de seguridade e saúde, para que a administración o poida someter a informe e aprobar , e unha vez rematados os trámites previstos no artigo 7 de dita norma, proceder de conformidade co establecido no artigo 19 da mesma disposición:

“Artículo 19. Información a la autoridad laboral.

1. La comunicación de apertura del centro de trabajo a la autoridad laboral competente deberá ser previa al comienzo de los trabajos y se presentará únicamente por los empresarios que tengan la consideración de contratistas de acuerdo con lo dispuesto en este real decreto.

La comunicación de apertura incluirá el plan de seguridad y salud al que se refiere el artículo 7 del presente real decreto.”

Das alegacións do contratista se pode extraer a concorrencia do seu incumprimento, ó poñer de manifesto a falta de observancia das obrigas contractuais e incluso as da lexislación sectorial, tomando como base a súa interesada interpretación da letra do prego, facendo caso omiso das súas obrigas así como o conduto e procedemento para a súa atención.

Dacordo co informado pola Xefa do Servizo de Arquitectura, e vistas as alegacións do contratista de data 23 de decembro de 2109 como resposta ó requirimento para que procedese a cumprir coas súas obrigas recollidas nas cláusulas que se citan, e o informe emitido con data de 3 de marzo de 2020 , con relación ás alegacións contra a incoación , que ratifica os feitos sinalados ó longo do expediente e por tanto incide en maior medida na acreditación dos incumprimentos de obrigas de carácter esencial .

Respecto dos incumprimentos contractuais comunicados polo Servizo de Arquitectura, resulta preciso destacar :



Que todos eles implican a inobservancia de obrigas esenciais.

Que a relativa á falta de entrega do plan de seguridade e saúde, ademais implica a imposibilidade de inicio da execución material, e polo tanto, implica que o replanteo, mais aló de cumprir coa súa función de verificar, a dispoñibilidade efectiva os terreos e viabilidade do proxecto, non poida surtir os efectos que lle son propios respecto do inicio, e polo tanto que a responsabilidade sobre a falta do inicio lle corresponda en exclusiva ó contratista a pesares de ser requirido de xeito expreso para que proceda o cumprimento das súas obrigas de xeito que a súa actitude está a impedir de xeito consciente e inxustificadamente prolongado o inicio da obra frustrando o contrato.

A Deputación de Lugo non pode facer outra cousa que resolver o contrato por culpa do contratista, que de xeito deliberado e sostido no tempo se revela incumpridor do prego , e que mesmo ten tentado esgrimir o seu incumprimento como causa de resolución imputable a administración cando o cumprimento da obriga de “Elaboración e presentación no Rexistro da Deputación do Plan de Seguridade e saúde elaborado en base ao estudo de seguridade e saúde incluído no proxecto técnico..... “corresponde en exclusiva a Prado Lameiro SL, sen que esta Deputación lle poida substituír no cumprimento deste requisito, cuxa sostida inobservancia impide sine die a execución dun contrato administrativo frustrando a finalidade pública á que serve, en claro detrimento do interese xeral.

Sobre as causas de resolución a súa expresa previsión e as súas consecuencias.

Como consecuencia do anterior, e fronte a inobservancia de obrigas esenciais , sinala o prego na súa cláusula 22.2 como causa de resolución :

“O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211, letra f en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP.”

Ditos artigos sinalan :

Art. 211 f “Serán, así mesmo causas de resolución do contrato, o incumprimento das restantes obrigas esenciais sempre que estas últimas fosen cualificadas como tales nos pregos.....”

Art. 202.3 “Os pregos poderán establecer penalidades, conforme ao previsto no apartado 1 do artigo 192, para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución, ou atribuírlles o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos sinalados na letra f) do artigo 211....”

Apreciase, na opinión deste informante, que por parte do contratista se teñen incumprido as súas obrigas esenciais previstas na cláusula 22.2 (folio 727 do expediente) e polo tanto que as mesmas constitúen en si, e causas de resolución do contrato (folio 728), cláusula viseximo quinta (folio 736).

A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece una serie de consecuencias en proporción a gravidade que supón que se frustre o contrato como consecuencia dos incumprimentos de quen foi seleccionado con base na súa solvencia e por mor da súa oferta para a execución do contrato, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, correspondería, acordar a resolución por causa imputable o contratista cos seguintes efectos adicionais :

Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25, art. 110 d, 213.3 da LCSP) e 213.5 no canto se debe producir pronunciamento expreso ó respecto da procedencia de dita incautación, que neste caso se estema procedente de conformidade con consolidada xurisprudencia (SAN 4964/2012)

Indemnización por danos e perdas no importe que exceda a garantía incautada , entre cuxas partidas se podería ter en conta a diferenza entre o importe da adxudicación, e aquel que finalmente resulte dunha nova adxudicación ó verse obrigada a administración a licitar novamente a execución da dita obra. (prego cláusula 25 , art.) 213.3 da LCSP e art. 113 do RXCAP 1098/2001. Que de declararse a resolución implicará tramitación de procedemento ó efecto (ditame 14/03 do Consello de Estado).



Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado. (art. 19.1 do RXCAP) , que seguira un procedemento ó efecto.

Sobre o procedemento a seguir

Compre analizar a solicitude de suspensión realizada polo contratista ó abeiro do art. 21 da lei 39/2015, e que asimesmo a suspensión da tramitación se configura con carácter potestativo, resultando determinante para que dita solicitude se informe de xeito desfavorable que neste caso se refira a un procedemento distinto e autónomo de resolución, caracterizado coas notas de urxencia e tramitación preferente na normativa de aplicación.

Como reconece o propio contratista, a súa solicitude de resolución imputable á administración xa foi resolta e desestimada, considerando, os fundamentos xurídicos da mesma, o seu procedemento e consecuencias específicas e téndose esgotado a vía administrativa.

Visto o anterior, nada impide a tramitación autónoma de outras causas de resolución que teñan a súa previsión autónoma na norma a marxe de outras xa resoltas, e en maior medida cando estas, por mor da conducta do contratista impiden a execución do contrato.

A teor do disposto no art. no artigo 212.1 da 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001 procede a continuación do dito expediente, solicitando ditame do Consello Consultivo, respecto da proposta de resolución cando se formule oposición por parte do contratista como ocorre neste expediente.

Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

Sobre o órgano competente

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a presidencia ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.”

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente propoño ó órgano de contratación, facultando ó presidente para a remisión do expediente o Consello Consultivo de Galicia e solicitude do previo e preceptivo ditame deste órgano, que adopte o presente como proposta de resolución nos seguintes termos”

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos expresados no corpo do informe xurídico que se reproduce anteriormente, propoño que a Xunta de Goberno, adopte a seguinte Proposta de Resolución para a súa remisión ao Consello Consultivo de Galicia:

1º.- Desestimar a solicitude de suspensión por corresponder a presente coa tramitación de un procedemento autónomo de resolución, iniciado por concorrencia de supostos previstos de xeito específico nos pregos, no que non se aprecia a concorrencia das circunstancias que permitan a interrupción dun procedemento caracterizado coas notas de urxencia e preferencia na normativa de aplicación.

2º.- Resolver o contrato de obra para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón desestimando as alegacións formuladas polo contratista ,Prado Lameiro SL, polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer incumprimentos con natureza de obriga esencial ó abeiro dá documentación obrante no expediente.

3º.- Notificar a presente á entidade Prado Lameiro SL, con indicación expresa , de que o presente acto é de trámite sen que proceda a interposición de recursos, ate a adopción do acto que poña fin á vía administrativa .



4º.- Resolto o expediente de resolución, proceder no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e asimesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

5º.- Proceder á incautación da garantía definitiva constituída por importe de 63730,55 , resultan avalista Banco Santander SA coa referencia de depósito na tesourería provincial 32019002540.

6º.- Facultar ao Presidente da entidade para dar traslado da presente proposta de resolución ó consello Consultivo de Galicia para emisión do seu preceptivo informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE “SERVIZO DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DESTA DEPUTACIÓN DE LUGO”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se recollen as seguintes consideracións xurídicas:

“1.- Sobre os antecedentes e os trámites realizados.

Visto o expediente de contratación do Servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, no que se relacionan os diversos antecedentes aos que por economía nos remitimos, salientando os seguintes:

a) O día 31 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno acorda iniciar de oficio o expediente de resolución contractual a teor do disposto no art. no artigo 212.1 da 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001.

b) Concedeuse o trámite de audiencia á empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L., contratista adxudicatario do contrato de referencia, por un prazo de dez días hábiles, expirando o prazo de alegacións o día 26 de febreiro de 2020. Consta no expediente acuse de recepción selado pola Oficina de Correos o día 11 de febreiro de 2020.

c) Concedeuse o trámite de audiencia á entidade avalista Compañía Española de Seguros de Crédito a la Exportación S.A., Compañía de Seguros y Reaseguros S.M.E. por prazo de dez días hábiles. Consta no expediente acuse de recepción selado pola Oficina de Correos o día 10 de febreiro de 2020.

d) Igualmente se concede trámite de audiencia polo mesmo prazo, ao avalista ASERTA S.A. de C.V. Grupo Financiero Aserta, Sucursal en España. Consta no expediente acuse de recepción selado pola Oficina de Correos o día 11 de febreiro de 2020.

e) O día 07 de febreiro de 2020, a empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L., presenta escrito no trámite de audiencia, do seguinte tenor literal: “Dando respuesta a su resolución recibida el pasado día 06/02/2020, quiero manifestarle que estoy de acuerdo con la resolución, si bien nos oponemos a cualquier penalización por daños y perjuicios dado que los incumplimientos han venido originados por causas de fuerza mayor, por tanto, no imputables a la Empresa”.

2.- Sobre a resolución contractual

En primeiro lugar cómpre destacar que a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 31 de xaneiro de 2020, acorda, entre outros asuntos: “1º.- Iniciar o procedemento para a resolución do contrato de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, en aplicación do disposto polo artigo 211.1.f da LCSP, por constituir o impago de salarios por parte da empresa adxudicataria, o incumplimento por parte do contratista dunha obriga esencial calificada como tal nos PCAP”.

Concedido o preceptivo trámite de audiencia, de conformidade co artigo 191.1 da LCSP e 109 do RXLCAP, a empresa Tempo Facility Services S.L., presenta escrito o día 07 de febreiro de 2020, que se reproduce anteriormente.



As causas de resolución do contrato non foron negadas nin discutidas pola entidade interesada no seu escrito de alegacións, é máis, manifesta a súa conformidade coa resolución contractual, recoñecendo os incumprimentos referidos.

Polo que se refire ás entidades avalistas, expirado o prazo de alegacións, non consta formulada oposición, polo que non é preciso Ditame do Consello Consultivo.

3.- Sobre a incautación da garantía definitiva e a indemnización de danos e perdas.

O artigo 213.5. da LCSP, recolle que en todo caso o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, fose constituída.

Neste senso cómpre indicar que a LCSP habilita á Administración á incautación automática ou ope legis da garantía constituída (art. 213.3 da LCSP), debendo tramitarse en peza separada a indemnización de danos e perdas, aplicándose, en primeiro lugar, a garantía definitiva para facer efectiva a mesma, de ser o caso.

Cabe recordar neste senso a SAN 4964/2012, de 28 de novembro, segundo a cale «a perda da fianza é unha consecuencia anexa, accesoria e, en principio, inseparable da resolución contractual, cando se produza por incumprimento do contratista, polo que o acordo de resolución leva de seu estas sancións (S.S. Sala 4ª, 17.6.86, 15.7.88), e só excepcionalmente se poden eliminar en función dunha apreciación global das circunstancias obxectivas e subxectivas concorrentes en cada caso (Sala 4ª, 17.6.86, 15.7.88), Sendo a incautación da fianza definitiva a secuela necesaria e consecuencia da rescisión do contrato por mor do contratista (S.S. Sala 3ª, 6.6.77, 24.3.84 e 6.5.84), ben que non é a resolución do contrato en si, senón a concorrencia de culpa por parte do contratista, calquera que sexa a causa da resolución, a que debe determinar a incautación da fianza (S. S. 4ª, 23.1.8). »

A incautación da garantía opera pois aquí de forma automática, sin perxuízo, de que proceda tramitar un procedemento contradictorio a fin de determinar o montante dos danos e

perxuizos irrogados á administración pública; e así se recolle no punto terceiro do Acordo de Xunta de Goberno de data 31 de xaneiro de 2020, que establece o seguinte:

“3º.-Resolto o expediente de resolución iniciar no seu caso a instrución de expediente contraditorio para determinación da indemnización dos danos e prexuizos causados a esta Deputación e asimesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.”

No escrito presentado pola empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L., ao que nos referimos anteriormente, a mercantil manifesta oposición a calquera penalización por danos e prexuizos, alegando que os incumprimentos veñen orixinados por causas de forza maior, por tanto, non imputables á empresa; circunstancia ésta que debe ser avaliada no trámite contraditorio instruído para a cuantificación dos danos e perdas ocasionados.

Tendo en conta que a interesada se opón a un futuro, non procede considerar, ao noso xuízo, que exista oposición ao acto de Resolución contractual en sí mesmo, que é o que se informa neste momento.

Tal opinión sustentámola na tese mantida polo Consello de Estado no seu Ditame 14/2003, do 18 de febreiro, con cita do 1/2000, do 11 de xaneiro, no que se afirma que a fixación e avaliación dos danos e perdas debe verificarse pola Administración, previo trámite contraditorio co contratista, en resolución motivada que poderá ter lugar no mesmo procedemento resolutorio ou en posterior peza separada, cauce éste máis habitual na práctica, pero que non exclúe a utilización do primeiro sempre que se dispoña do coñecemento e xustificación sobre os conceptos e contía dos que estime realmente sufridos como consecuencia da resolución.

4.- Sobre a posibilidade de iniciar un novo procedemento de contratación.

Neste senso o artigo 213.6 da LCSP, establece que ao tempo de incoarse o expediente administrativo de resolución do contrato polas causas establecidas nas letras b), d), f) e g) do apartado 1 do artigo 211, poderá iniciarse o procedemento para a adxudicación do novo contrato, se



ben a a dxudicación déste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución.. Se aplicará a tramitación de urxencia a ambos procedementos.

Ata que non se formalice o novo contrato, o contratista estará obrigado, na forma e na medida que determine a autoridade contratante, a adoptar as medidas necesarias por motivos de seguridade ou esenciais para evitar un grave trastorno ou ruína do servizo público. do que foi construído ou fabricado. A falta de acordo, a remuneración do contratista será fixada a petición do contratista polo órgano de contratación, unha vez finalizada a obra e tomando como referencia os prezos que serviron de base para a conclusión do contrato. O contratista poderá impugnar esta decisión ante o órgano de contratación que deberá resolver o que proceda dentro dos quince días hábiles.

Cando o contratista non poida garantir as medidas indispensables establecidas no parágrafo anterior, a Administración poderá intervir garantindo a realización das devanditas medidas ben polos seus propios medios ou mediante un contrato cun terceiro.

5.- Sobre o órgano competente

Ó abeiro do disposto no artigo 59 , do regulamento orgánico provincial no seu apartado 12 corresponde a xunta de Goberno como órgano de contratación a adopción do presente acordo.

Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a presidencia ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar resolto por incumprimento culpable do contratista o contrato de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, en aplicación do disposto polo artigo 211.1.f da LCSP, por constituir o impago de salarios por parte da empresa

adxudicataria, o incumplimento por parte do contratista dunha obriga esencial calificada como tal nos PCAP; con efectos dende o día 11 de marzo de 2020.

2º.- Incautar a garantía definitiva depositada pola empresa TEMPO FACILITY SERVICES S.L., atendendo ao seguinte desglose:

Lote 1: Garantía definitiva por importe de 35.639,96 euros (Referencia 32019004085), correspondente á póliza de seguro de caución número 1005236 emitida pola Compañía Española de Seguros de Crédito a la Exportación S.A., Compañía de Seguros y Reaseguros, S.M.E., (Certificado de seguro número 2019/18120).

Lote 2: Garantía definitiva por importe de 16.389,02 euros (Referencia 32019005834), correspondente á póliza de seguro de caución número CAA15ZNB6A-1-1379-0001, emitida pola entidade Aseguradora Aserta, S.A. de C.V. Grupo Financiero Aserta, Sucursal en España.

Lote 3: Garantía definitiva por importe de 19.071,92 euros (Referencia 32019005835), correspondente á póliza de seguro de caución número CAA15ZNB6A-1-1379-0002, emitida pola entidade Aseguradora Aserta, S.A. de C.V. Grupo Financiero Aserta, Sucursal en España.

Lote 4: Garantía definitiva por importe de 27.794,07 euros (Referencia 32019004086), correspondente á póliza de seguro de caución número 1005236 emitida pola Compañía Española de Seguros de Crédito a la Exportación S.A., Compañía de Seguros y Reaseguros, S.M.E. (Certificado de seguro número 2019/18121).

3º.- Iniciar a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación, e asimesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

4º.- Notificar ó contratista o acordo que se adopte, con indicación de que contra a mesma que esgota a vía administrativa procede alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou o acto ou recurso contencioso administrativo ante o



Xulgado do contencioso administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción da notificación. Se optara por interpoñer o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquél sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen perxuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

5º.- Dar traslado ó Responsable do contrato e a intervención provincial e á tesouraría provincial co obxecto de que se execute a incautación acordada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO POR UN PERÍODO DE SEIS MESES.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Publico (LCSP en diante), a consideración de poder adxudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

A Disposición Adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. (TRAGSA, en diante) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público

dependentes de calquera delas que teñan a condición de poder adxudicador, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da letra d) do apartado 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa Disposición Adicional 24ª da LCSP.

As relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

No punto 4 da citada Disposición Adicional 24ª da LCSP sinálase que as sociedades do Grupo TRAGSA, prestarán, entre outras, as funcións de realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos e a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e ambiental, de acuicultura e de pesca, así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais. Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos (...).

No mesmo sentido, os Estatutos Sociais de TRAGSA prevén especificamente no Artigo 2 o seguinte:

“d) Cualquier tipo de servicios agrícolas, ganaderos, pesqueros, forestales, veterinarios y en el patrimonio verde urbano, tales como campañas o inspecciones sanitarias, actuaciones de salud pública y sanidad ambiental dirigidas al control de la calidad del agua, de los riesgos ambientales de las sustancias y preparados químicos peligrosos, así como de los biocidas y fitosanitarios, de los efectos para la salud de las radiaciones ionizantes y no ionizantes, y de cualquier otro riesgo ambiental, prevención y lucha contra las plagas y enfermedades vegetales y animales y contra los incendios forestales, protección y conservación de suelos, ahorro de agua, estadísticas, inventarios, registros, catastros, la realización de todo tipo de actuaciones y prestación de servicios vinculados al refuerzo de la seguridad y de la calidad alimentarias, la difusión del conocimiento de los



productos agrarios y pesqueros y de los agrarios, forestales, medioambientales, de conservación de la naturaleza, de espacios y de recursos naturales; centros ganaderos.”

O importe dos traballos descritos no Prego de Prescripcíons e realizados por medio do medio propio TRAGSA determinarase aplicando ás unidades executadas as tarifas correspondentes e, na forma que regulamentariamente se determine, atendendo ao custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades, obxecto do encargo, que se subcontraten con empresarios particulares, de acordo co recolleito no punto 7 da disposición adicional vixésimo cuarta da LCSP e artigo 6 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico de TRAGSA e a súa filiais.

Contrastada a capacidade de TRAGSA para a execución e xestión destes servizos, constatado que para o orzamento dos mesmos, TRAGSA aplicou ás unidades para executar as tarifas correspondentes na forma regulamentariamente determinada, considérase que TRAGSA é instrumento idóneo para levar a cabo a execución dos traballos obxecto da encomenda.

Que a Intervención da Deputación Provincial de Lugo, fiscalizou favorablemente o encargo a TRAGSA da actividade de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo por un período de seis meses.

En consecuencia, a Deputación Provincial de Lugo considera imprescindible encomendar a TRAGSA a realización dos servizos que se relacionan e describen na memoria que se adxunta con esta proposta.

O artigo 86.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, recolle que as entidades do sector público institucional, poderán ser consideradas medios propios e servizos técnicos terán a consideración de medio propio e servizo técnico cando se acredite que, ademáis de dispoñer de medios suficientes e idóneos para realizar as prestacións no sector de actividade que se corresponda co seu obxecto social, de acordo coa súa norma ou acordo de creación se dé algunha das circunstancias seguintes:

Sexa unha opción máis eficiente que a contratación pública e resulte sostible e eficaz,

aplicando criterios de rentabilidade económica.

Resulte preciso por razóns de seguridade pública ou de urxencia na necesidade de dispoñer dos bens ou servizos subministrados polo medio propio ou servizo técnico.

Neste caso, é posible acudir ao medio propio, por razón de urxencia, por tratarse da única opción que garante a continuidade do servizo, ao terse iniciado o expediente de resolución contractual á empresa que presta actualmente o servizo por incumprimento culpable da mesma e tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada. A interrupción do servizo provoca graves transtornos para a administración contratante, e pon en risco as laborais afectas ao contrato administrativo.

Por todo o exposto proponho, que a Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o encargo á empresa Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. da actividade de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo por un período de seis meses, prorrogable trimestralmente, sen que a duración total (incluídas as prórrogas, poida exceder dun ano), por importe de 404.336,14 euros, con efectos dende o día 12 de marzo de 2020. Os traballos executaránse de conformidade coa memoria que se xunta coa presente proposta.

2º.- As facturas para o pago dos traballos encomendados expediranse por medios electrónicos, de conformidade co establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público. As facturas terán carácter mensual e abonaránse logo de informe favorable ou conformidade do responsable da encomenda. A facturación se efectuará a mes vencido mediante a presentación dunha factura por centro, desglosada por lotes e conceptos, tal e como se recolle no orzamento aprobado.

3º.- De acordo coa certificación emitida por TRAGSA, con data 12 de febreiro de 2020, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para este encargo dun 5%.



4º.- Os traballos realizaranse por TRAGSA co máximo coidado e dilixencia respecto a os intereses da Deputación Provincial de Lugo, e o persoal de TRAGSA estará obrigado a gardar a debida confidencialidade respecto a os feitos, datos e informacións que coñeza no curso do encargo.

5º.- O encargo dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación Provincial de Lugo.

6º.- Para a supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados désígnase por parte da Deputación Provincial de Lugo ao Xefe da Unidade de Portería e Mantemento, e por parte de TRAGSA a Emilio José Pardo Álvarez, que poderán ser substituídos polo simple escrito da parte que lles designou.

7º.- O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución tal como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

8º.- O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación Provincial de Lugo, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación.

9º.- As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente encargo serán resoltas de forma executiva pola Deputación Provincial de Lugo.

10º.- Dispoñer que, durante o tempo de vixencia do encargo, manteráanse as condicións laborais de todos os traballadores, de acordo co estipulado nos seus contratos e no convenio colectivo que lles sexa de aplicación, referente a totalidade dos traballadores que prestarán seus servizos na empresa TRAGSA, e que ditas condicións manteranse nun calquera que sexa a forma de prestación da actividade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE GRAVACIÓN DE PLENOS E ACTAS DIXITAIS DESTA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración e implantación dun sistema de gravación de plenos e actas dixitais da Deputación de Lugo, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV6QFWLDBIJDUSX5UYVTAFFPKI¹.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV66WEDD374M764L6JPMID7E6Y1.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV6QYH7DKFWCR26CCUISOVSHKI1.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV6RUDA4FZ5CRRHYCENEMA7FIA1.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV66S23KCEJT7LRLDUVV4MKQMA1.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV66RSH33AW4L6ESWE4DENLREM1.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración e implantación dun sistema de gravación de plenos e actas dixitais da Deputación de Lugo.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 60.984,00 euros. O orzamento base de licitación inclúe 10.584,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 50.400,00 euros

de base. Na aplicación 9200.626 do vixente orzamento de gastos figura crédito disponible suficiente, RC.: 22019/24269, segundo Informe de Intervención.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE FUNCIONAMENTO DAS RUTAS FLUVIAIS DOS ENCOROS DE SANTO ESTEVO (RÍO SIL- EMBARCADOIRO DA PONTE DO SIL) E OS PEARES (RÍO MIÑO- EMBARCADOIRO DE BELESAR POBO), PARA AS ANUALIDADES 2020 E 2021.

Logo de ver o informe da Xefa do Servizo de Cultura e Turismo, en relación co epígrafe do presente asunto, no que manifesta que se produciu un erro na redacción do mesmo, e propónse a súa corrección; a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar dita corrección, quedando redactado o epígrafe como segue: **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE FUNCIONAMENTO DAS RUTAS FLUVIAIS DOS ENCOROS DE SANTO ESTEVO (RÍO SIL- EMBARCADOIRO DA PONTE DO SIL) E OS PEARES (RÍO MIÑO- EMBARCADOIRO DE BELESAR POBO), PARA A ANUALIDADE 2020.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor.

“A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP en diante), a consideración de poder adxudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar



directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

A Disposición Adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. (TRAGSA, en diante) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poder adxudicador, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da letra d) do apartado 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa Disposición Adicional 24ª da LCSP

As relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

No punto 4 da citada Disposición Adicional 24ª da LCSP sinálase que as sociedades do Grupo TRAGSA, prestarán, entre outras, as funcións de realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos e a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e ambiental, de acuicultura e de pesca, así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais. Igualmente poderán levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos (...).

No mesmo sentido, os Estatutos Sociais de TRAGSA prevén especificamente no Artigo 2 o seguinte:

“b) La actividad agrícola, ganadera, animal, forestal y de acuicultura y la comercialización de sus productos, la administración y la gestión de fincas, montes, centros agrarios, forestales, medioambientales o de conservación de la naturaleza, así como de espacios y de recursos naturales.”

O importe dos traballos descritos na memoria do Encargo e realizados por medio do medio propio TRAGSA determinarase aplicando ás unidades executadas as tarifas correspondentes e, na forma que regulamentariamente se determine, atendendo ao custo efectivo soportado polo medio propio para as actividades, obxecto do encargo, que se subcontraten con empresarios particulares, de acordo co recolleito no punto 7 da disposición adicional vixésimo cuarta da LCSP e artigo 6 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico de TRAGSA e a súa filiais.

Contrastada a capacidade de TRAGSA para a execución e xestión destes servizos, constatado que para o orzamento dos mesmos, TRAGSA aplicou ás unidades para executar as tarifas correspondentes na forma regulamentariamente determinada, considérase que TRAGSA é instrumento idóneo para levar a cabo a execución dos traballos obxecto da encomenda.

O artigo 86.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público, recolle que as entidades do sector público institucional, poderán ser consideradas medios propios e servizos técnicos terán a consideración de medio propio e servizo técnico cando se acredite que, ademáis de dispoñer de medios suficientes e idóneos para realizar as prestacións no sector de actividade que se corresponda co seu obxecto social, de acordo coa súa norma ou acordo de creación se de algunha das circunstancias seguintes:

Sexa unha opción máis eficiente que a contratación pública e resulta sustentable e eficaz, aplicando criterios de rentabilidade económica.

Resulta necesario por razóns de seguridade pública ou de urxencia na necesidade de dispor dos bens ou servizos fornecidos polo medio propio ou servizo técnico.



Neste caso, é posible acudir ao medio propio, por razón de urxencia, por tratarse da única opción que garante a explotación dun dos maiores valores potenciais do turismo provincial, co grave risco que suporía -en este momento- deixar o servizo sen cobertura, que podería alcanzar ou afectar á imaxe da propia Ribeira Sacra, - (BIC)-, como candidata a Patrimonio da Humanidade, non en tanto resulta actualmente un expoñente territorial no que o turismo ten un efecto transversal nos aspectos económicos, culturais, sociais, ecolóxicos e de conservación da riqueza provincial.

Que a Intervención da Deputación Provincial de Lugo, fiscalizou favorablemente o encargo a TRAGSA da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (Río Sil- Embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (Río Miño-Embarcadoiro de Belesar Pobo) para a anualidade 2020.

En consecuencia, a Deputación Provincial de Lugo considera imprescindible encomendar a TRAGSA a realización dos servizos que se relacionan e describen na memoria que se adxunta con esta proposta.

Por todo o exposto e analizado o expediente propoño, que a Xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o encargo á empresa Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E, M.P. da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (Río Sil- Embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (Río Miño-Embarcadoiro de Belesar Pobo) para a anualidade 2020 (dende o 23 de marzo ata o 31 de outubro de 2020), prórrogable e sempre que non exceda do 31 de decembro de 2020, por importe total de 600.769,48 €, desglosado do seguinte xeito, e tendo en conta as seguintes consideracións:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2020	4321.22799	600.769,48	22020/3591

Existe consignación orzamentaria na aplicación 4321.22799, do vixente orzamento xeral, para a cantidade de 600.769,48 euros na anualidade 2020.

2º.- Os traballos executaránse de conformidade coa memoria que se xunta coa presente proposta.

3º.- De acordo coa certificación emitida por TRAGSA, con data 12 de febreiro de 2020, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para este encargo dun 3,5%.

4º.- Os traballos realizaranse por TRAGSA co máximo coidado e dilixencia respecto a os intereses da Deputación Provincial de Lugo, e o persoal de TRAGSA estará obrigado a gardar a debida confidencialidade respecto a os feitos, datos e informacións que coñeza no curso do encargo.

5º.- O encargo dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación Provincial de Lugo.

6º.- Para a supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados désignase por parte da Deputación Provincial de Lugo ao Responsable das Rutas Fluviais, D. Ramón Campos Rodríguez (Coordinador Xefe II Rutas Fluviais), e por parte de TRAGSA a D. Emilio José Pardo Álvarez, que poderán ser substituídos polo simple escrito da parte que lles designou.

7º.- O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución tal como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

8º.- O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación Provincial de Lugo, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación.



9º.- As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente encargo serán resoltas de forma executiva pola Deputación Provincial de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15. -PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGRÍCOLA- OU GANDEIRO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data 3 de maio de 2019, a Xunta de Goberno, aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o desenvolvemento do “Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo”, ano 2019.

Tendo en conta que a convocatoria e bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 105, de data 9 de maio de 2019. Tendo en conta que as mencionadas subvencións foron baremadas partindo dos criterios xerais establecidos na Base 9ª, das ditas bases “Procedemento de concesión e criterios de adxudicación”.

Tendo en conta que con data 14 de novembro de 2019, a Comisión de valoración acordou por unanimidade asumir o informe técnico-proposta emitido por D. Manuel Pérez Gómez, en el que figuran las solicitudes estimadas, las solicitudes desestimadas por falta de orzamento e as solicitudes desestimadas por non adecuarse as bases reguladoras das devanditas subvencións.

Con data 11 de decembro de 2019, a Xunta de Goberno, a proposta do deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, aprobou a modificación das bases reguladoras.

Tendo en conta que a mencionada modificación foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 294 de 24 de decembro de 2019.

Por Resolución da Presidencia de data 13 de febreiro de 2020 aprobouse a incorporación de remanentes nº 3 ao Orzamento xeral de 2020, da Deputación Provincial de Lugo, concretamente no capítulo 7

APLIC. ORIXE	DESCRICIÓN	APLICACIÓN DESTINO	RC	A	D	TOTAL
4590.779	OUTRAS INFRAEST. OUTRAS TRANSF.	4590.77955	42.540,15	100.000,00	0,00	142.540,15

Con data 28 de febreiro de 2020, a Xunta de Goberno a proposta do deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, aprobou o incremento de crédito orzamentario, así como el gasto por importe de 42.540,15€.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

Aprobar a seguinte proposta de resolución de concesións de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, do Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019.

Anexo I

1.- Solicitudes estimadas ao abeiro das bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do programa de apoio ao sector agrícola e/ou gandeiro na provincia de Lugo”, ano 2019.

Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/ou gandeiros

Nº EXPEDIENTE	TITULAR	% PARTICIP.	Has concedidas	BAREMO	CONCELLO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
SUBAGR-2019/077	RECRÍA CASTRO, S.L.	100%	18,0000	26,59	CASTRO DE REI	9.000,00 €
SUBAGR-2019/013	GANADERÍA MACÍ, S.C.	100%	6,2300	24,56	SAMOS	3.115,00 €
SUBAGR-2019/033	TRALOAGRO, S.L.	100%	16,8038	24,50	FRIOL	8.401,90 €
SUBAGR-2019/025	SAT HERBON NUÑEZ 1309 XUGA	100%	11,6092	24,42	BARALLA	5.804,60 €



DEPUTACIÓN DE LUGO

Nº EXPEDIENTE	TITULAR	% PARTICIP.	Has concedidas	BAREMO	CONCELLO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
SUBAGR-2019/010	ANA MARIA FERNANDEZ GARCIA	100%	3,2900	24,32	FONSAGRADA, A	1.645,00 €
SUBAGR-2019/055	CASA XACOBÉ S.C	100%	3,4770	24,22	LUGO	1.738,50 €
SUBAGR-2019/049	PENIN PUENTE S.C.	100%	14,4900	23,62	FRIOL	7.245,00 €
SUBAGR-2019/028	JOSE ANTONIO FERREIRO PALACIO	100%	2,1334	23,53	O CORGO	1.066,70 €
SUBAGR-2019/017	XAVIER MANUEL CARBALLADA LÓPEZ	100%	1,9977	23,50	LUGO	998,85 €
SUBAGR-2019/024	FINCA AIRAVELLA, S.C.	100%	8,1000	23,50	CASTROVERDE	4.050,00 €
SUBAGR-2019/058	SAT PAZO DE EIRAS XUGA 1289 XUGA	100%	1,7900	23,45	POL	895,00 €
SUBAGR-2019/027	Mª MONICA GARCÍA RUBINOS	100%	5,4369	23,36	VILALBA	2.718,45 €
SUBAGR-2019/009	CASA CARBALLO AFOZ S.C.	100%	5,1400	23,29	PASTORIZA, A	2.570,00 €
SUBAGR-2019/035	AMENEIRAL S.C.	100%	5,2176	23,28	GUITIRIZ	2.608,80 €
SUBAGR-2019/026	VILASIL VESTRE S.C.	100%	7,1473	22,98	VILALBA	3.573,65 €
SUBAGR-2019/004	SOFIA GARCIA LINDIN	100%	2,9500	22,76	PASTORIZA, A	1.475,00 €
SUBAGR-2019/081	CASA GRANDE DE RANDOLFE S.C.	100%	4,7900	22,58	CHANTADA	2.395,00 €
SUBAGR-2019/063	GANADERIA ABUIN CORREDOIRA S.C.	100%	4,2300	22,54	FRIOL	2.115,00 €
SUBAGR-2019/001	RAMIRO FARELO LÓPEZ	100%	3,3332	22,53	SARRIA	1.666,60 €
SUBAGR-2019/034	GRANXA GRIXEIRA S.C.	100%	1,9700	22,49	COSPEITO	985,00 €
SUBAGR-2019/052	MARCOS CASTRO ACEVEDO	100%	1,6848	22,42	LUGO	842,40 €
SUBAGR-2019/088	MIGUEL ANGEL PENA VAZQUEZ	100%	1,2900	22,32	BEGONTE	645,00 €
SUBAGR-2019/065	GANADERIA DIAZ FERNANDEZ S.C	100%	4,7700	22,30	PONTENOVA, A	2.385,00 €
SUBAGR-2019/073	SAT CAVADAS	100%	1,1200	22,28	XERMADE	560,00 €
SUBAGR-2019/002	NEGRAIS S.C.	100%	2,8085	22,20	BARALLA	1.404,25 €
SUBAGR-2019/048	CASA CODESAL S.L.	100%	4,5200	22,04	FRIOL	2.260,00 €
SUBAGR-2019/043	GANADERIA SANFIZ S.C.	100%	4,0000	22,00	LUGO	2.000,00 €
SUBAGR-2019/053	SAT VILAMAIOR DE NEGRAL	100%	1,8884	21,97	GUNTIN	944,20 €
SUBAGR-2019/031	SAT LODOS Y PEREZ 940 XUGA	100%	1,6747	21,92	PASTORIZA, A	837,35 €
SUBAGR-2019/064	GANADERIA MANOLITO, S.C.	100%	3,3500	21,84	TRIACASTELA	1.675,00 €
SUBAGR-2019/059	LEBASTE S.C.	100%	1,2100	21,80	INCIO, O	605,00 €
SUBAGR-2019/022	ANA VANESSA VILA PARAMO	100%	2,2400	21,76	O INCIO	1.120,00 €
SUBAGR-2019/039	CARBALLO VILABELLA S.C.	100%	3,0200	21,76	TRIACASTELA	1.510,00 €
SUBAGR-2019/041	PURIFICACION FUENTE MACEDA	100%	2,2300	21,73	INCIO, O	1.115,00 €
SUBAGR-2019/047	CESAR LAGO FERNANDEZ	100%	2,0700	21,73	BALEIRA	1.035,00 €
SUBAGR-2019/036	FELIPE PENA MONTERO	100%	6,8004	21,70	GUITIRIZ	3.400,20 €
SUBAGR-2019/061	PRANCHEL S.C.	100%	8,5200	21,63	CASTROVERDE	4.260,00 €
SUBAGR-2019/050	VACAS DE CHANDEIROS S.C.	100%	6,4700	21,62	INCIO, O	3.235,00 €
SUBAGR-2019/060	MARCOS FERNANDEZ GUERRA	100%	4,6000	21,61	NAVIA DE SUARNA	2.300,00 €
SUBAGR-2019/014	MIGUEL GATO PRIETO	100%	4,0900	21,52	XERMADE	2.045,00 €
SUBAGR-2019/091	PEREZ LOPEZ TCEA SONIA LÓPEZ ANDRADE JOSÉ PEREZ LOPEZ	50% 50%	1,6740	21,42	LUGO	418,50 € 418,50 €
SUBAGR-2019/032	GANADERIA DO REI SC	100%	1,4721	21,37	PASTORIZA, A	736,05 €
SUBAGR-2019/029	CASEIRO, S.C.	100%	1,3245	21,33	GUITIRIZ	662,25 €
SUBAGR-2019/011	GANADERIA TANIA E LUCIA, S.C.	100%	1,1587	21,29	MONDOÑEDO	579,35 €
SUBAGR-2019/083	MARIA LUZ RODRIGUEZ LÓPEZ	100%	1,1729	21,29	BARALLA	586,45 €
SUBAGR-2019/090	GANADERÍA LÓPEZ IGLESIAS, S.C.	100%	1,1114	21,28	CASTROVERDE	555,70 €
SUBAGR-2019/078	FRANCISCO GONZÁLEZ CENDÁN	100%	1,07	21,27	VILALBA	535,00 €
SUBAGR-2019/006	MARÍA ESTHER ARIAS LÓPEZ	100%	2,5	21,13	BARALLA	1.250,00 €
SUBAGR-2019/087	CASA DO RELAX, S.C.	100%	8,52	21,13	CHANTADA	4.260,00 €
SUBAGR-2019/051	MARÍA ROCA LÓPEZ	100%	2,13	21,03	FRIOL	1.065,00 €
SUBAGR-2019/040	MISAEAL CUBA CENDÁN	100%	3,98	21,00	VILALBA	1.990,00 €
SUBAGR-2019/019	IVÁN CORTÓN FERREIRO	100%	1,8	20,95	CASTRO DE REI	900,00 €

Nº EXPEDIENTE	TITULAR	% PARTICIP.	Has concedidas	BAREMO	CONCELLO	SUBVENCION CONCEDIDA
SUBAGR-2019/076	A CARREIRA, S.C.	100%	1,73	20,93	GUITIRIZ	865,00 €
SUBAGR-2019/020	EVA LOPEZ DÍAZ	100%	1,51	20,88	PARADELA	755,00 €
SUBAGR-2019/054	JESÚS LUACES LÓPEZ	100%	1,22	20,81	LUGO BÓVEDA	610,00 €
SUBAGR-2019/089	SAT MARGÁ 1255 XUGA	100%	2,82	20,71	GUITIRIZ	1.410,00 €
SUBAGR-2019/057	JOSÉ LUÍS FERNÁNDEZ LÓPEZ	100%	2,63	20,66	CERVANTES	1.315,00 €
SUBAGR-2019/003	ANA BELÉN DÍEZ LÓPEZ	100%	4,5	20,63	FONSAGRADA, A	2.250,00 €
SUBAGR-2019/007	ISAAC GÓMEZ MÉNDEZ	100%	4,4059	20,60	BARALLA	2.202,95 €
SUBAGR-2019/085	ÁLVAREZ Y VÁZQUEZ, S.C.	100%	2,4144	20,60	LUGO	1.207,20 €
SUBAGR-2019/069	AMPARO CORREDOIRA PEREIRA	100%	2,22	20,56	LUGO	1.110,00 €
SUBAGR-2019/005	GANADERIA SEINER, S.C.	100%	1,49	20,37	CORGO, O	745,00 €
SUBAGR-2019/023	PEDRÓN, S.C.	100%	1,42	20,36	LÁNCARA	710,00 €
SUBAGR-2019/084	SARA FERNÁNDEZ LÓPEZ	100%	1,33	20,33	BARALLA	665,00 €
SUBAGR-2019/074	VARELA, S.C.	100%	3,02	20,26	LUGO	1.510,00 €
SUBAGR-2019/044	VALERIYA VYSHNEVETSKA	100%	2,22	20,06	VILALBA	1.110,00 €
SUBAGR-2019/008	ANTONIA DELIA RODRIGUEZ LORENZO	100%	1,42	19,86	CASTRO DE REI	710,00 €
SUBAGR-2019/056	JESÚS AMIL GARCIA	100%	1,8	19,64	FRIOL	900,00 €
SUBAGR-2019/015	JULIA PENA GONZÁLEZ	100%	4,307	19,58	VILLALBA	2.153,50 €
SUBAGR-2019/080	GANADERIA PULUAN, S.C.	100%	8,1	19,33	MONFORTE L.	4.050,00 €
SUBAGR-2019/042	GRANXA XUSTAS, S.L.	100%	3,25	19,31	COSPEITO	1.625,00 €
SUBAGR-2019/071	LOS ALEGRES, S.C.	100%	2,4355	19,21	CASTRO DE REI	1.217,75 €
SUBAGR-2019/062	LAMELO, S.C.	100%	4,07	18,52	CASTROVERDE	2.035,00 €
SUBAGR-2019/021	MARTA CARBALLO ÁLVAREZ	100%	2	17,50	NAVIA SUARNA	1.000,00 €
			284,7193		TOTAL	142.359,65 €

2.- Solicitudes desestimadas ao abeiro das bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do programa de apoio ao sector agrícola e/ou gandeiro na provincia de Lugo”, ano 2019., por non adecuarse as bases reguladoras das devanditas subvencións.

Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros

Nº EXPEDIENTE	TITULAR	CONCELLO	MOTIVO
SUBAGR-2019/070	VERÓNICA BERMÚDEZ PARDIÑO	AS PONTES	NON SE AXUSTA A BASE 1
SUBAGR-2019/093	GANADERÍA VALCARCEL LÁNCARA, S.L. DIEGO FERNÁNDEZ CELA	LÁNCARA	NON SE AXUSTA A BASE 1

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



16.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN E COMPLEMENTO DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DA RECLAMACIÓN DE PARTICULARES COMPARECENTES EN EXPEDIENTE EXPROPIATORIO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Obra: 461 P.O.L. 2005 CERVO. C.P. “De rúa a Villaestrofe”. Acondicionamento do P.Q. 1,700 ao 4,300.

Rectificar a titularidade das fincas que deseguido se relacionan, no seguinte senso:

Finca	Titularidade anterior	Nova titularidade
39	José María Evelio Pérez Ramos	Divina, José y Victorina Pérez Saa
72	José María Evelio Pérez Ramos	Divina, José y Victorina Pérez Saa
76	José María Evelio Pérez Ramos	Divina, José y Victorina Pérez Saa
91	José María Evelio Pérez Ramos	Divina, José y Victorina Pérez Saa
92	José María Evelio Pérez Ramos	Divina, José y Victorina Pérez Saa
93	José María Evelio Pérez Ramos	Divina, José y Victorina Pérez Saa

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANO 2018.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística do seguinte teor:

En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da

Mesa Técnica, na sesión do día 10 de agosto de 2018, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 186, do 14 de agosto de 2018, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018.

Propoño que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe a seguinte renuncia:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
ASOC. VIUDAS JULIA MINGUILLÓN	777,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, ANO 2019.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística do seguinte teor:

En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 28 de novembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 78, do día 4 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019.

Propoño que pola Xunta de Goberno, se procede, se aproben as seguintes renuncias:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN
ASOC. BARRIO DOS MUIÑOS	690,00
ASOC. AMPA ALVARO CUNQUEIRO MORA	950,00
ASOC. MUIÑO VELLO DE MATELA	783,00



AA.VV. CULTURA E DEPORTIVA REMEITE DE SAN CLODIO	989,00
COELCTIVO PENSAMENTO E SEMENTEIRA	709,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- CORRECCIÓN DE ERROS NA PROPOSTA DE ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2020, RELATIVO Á APROBACIÓN DO PROGRAMA: LUGO PROVINCIA CARDIOSALUDABLE, E DO CONVENIO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS ADHERIDOS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data 14 de febreiro de 2020, a Xunta de Goberno, prestou aprobación ao Programa: Lugo Provincia Cardiosaludable: Programa por medio do que a Deputación dotará de un desfibrilador a cada un dos 49 municipios que formalizaron a solicitude deste equipamento.

Tendo en conta que o concello de Ribeira de Piquín, que non figura nos municipios adheridos ao mencionado Programa, presenta copia da solicitude de adhesión, de data 27/05/2019, e unha vez comprobado co Rexistro da Deputación que dita solicitude foi enviada a outro Servizo, procede a corrección de erros nos seguintes termos:

Onde di:

Prestar aprobación ao Programa: Lugo Provincia Cardiosaludable: Programa por medio do que a Deputación dotará de un desfibrilador a cada un dos 49 municipios que formalizaron a solicitude deste equipamento sanitario e que son:

Abadín, Antas de Ulla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Chantada, O Corgo, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Ourol, Outeiro de Rei, Palas, Pantón, Paradela, Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Riotorto, Samos, Sarria, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xermade

Debe dicir:

Prestar aprobación ao Programa: Lugo Provincia Cardiosaludable: Programa por medio do que a Deputación dotará de un desfibrilador a cada un dos 50 municipios que formalizaron a solicitude deste equipamento sanitario e que son:

Abadín, Antas de Ulla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Chantada, O Corgo, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, Ourol, Outeiro de Rei, Palas, Pantón, Paradela, Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xermade

Por todo elo, propónse á Xunta de Goberno a súa corrección nos termos anteriormente mencionados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta da sentenza nº170/2019, de 3 de xuño de 2019, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo, na que di textualmente o seguinte: “*Declarar la inadmisibilidad por inexistencia de actuación administrativa impugnada por el procedimiento*



especial de derechos fundamentales, del recurso nº 45/2019 interpuesto por D. Manuel Martínez Núñez, contra el acto administrativo impugnado descrito en el Fundamento de Derecho Primero de esta resolución, el cual, en consecuencia, se declara ajustado al ordenamiento jurídico”.

Fronte a mencionada sentenza interponse na Sec. 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia recurso de apelación 7142/2019 sendo resolto mediante a sentenza nº 359/2019, de 30 de decembro, na que di textualmente o seguinte: “*Desestimar el recurso de apelación interposto por D. Manuel Martínez Núñez contra la sentencia de 3 de junio de 2019 dictada por el Juzgado de lo Contencioso- Administrativo 2 de Lugo en el procedimiento para la protección de los derechos fundamentales 45/2019*”. A Xunta de Goberno queda enterada.

21.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.